

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 20 de abril de 2009

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e catorce minutos do día vinte de abril de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitútese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(522).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións extraordinaria e extraordinaria e urxente do 2 de abril, ordinaria do 6 de abril e extraordinarias e urxentes (dúas sesións) do 7 de abril de 2009. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(523).- DAR CONTA DAS SENTENZAS E AUTOS REMITIDOS POR ASESORÍA XURÍDICA.

Dáse conta das seguintes Sentenzas e Autos remitidos por Asesoría Xurídica:

- a) Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 284/08 P.A. Demandante: UTE CONTENUR-OTTO. Obxecto: Desestimación da X.Goberno local de rec. reposición sobre reclamación patrimonial. Expte.: 856/243. Desestimado o recurso.
- b) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 342/08 P.A. Demandante: D SANTIAGO GARCIA DE LA PEÑA CALDERON. Obxecto: Sanción de tráfico. Expte.: 078708734. Estimado parcialmente.
- c) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 439/08 P.A. Demandante: D JAVIER GONZALEZ SOUTO e MUTUA MADRILEÑA SOCIEDAD DE SEGUROS. Obxecto: Desestimación de reclamación patrimonial. Expte.: 1478/243 e 1479/243. Desestimado o recurso.
- d) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 298/08 P.A. Demandante: D FERNANDO PAZ RODRIGUEZ. Obxecto: Resolución do 20/08/08 de inadmisión de reclamación patrimonial. Expte.: 1930/243. Desestimado o recurso.
- e) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 322/08 P.A. Demandante: D^a MARIA JESUS BRITO MARTINEZ (en representación dunha menor). Obxecto: Resolución do 12/09/08, de inadmisión de reclamación patrimonial. Expte.: 1947/243. Desestimado o recurso.
- f) Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 411/08 P.A. Demandante: D RAMON FERNANDEZ-LINARES BOUZA. Obxecto: Acordo da Xunta Goberno Local do 16/06/08 relativo a desestimación de complemento de destino por alto cargo. Expte.: 18132/220. Desestimado o recurso.
- g) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 303/2008, P.A. Demandante: D^a DEOLINDA FERREIRA ÁLVAREZ. Obxecto:Desestimación “presunta” de reclamación de reclamación patrimonial. Expte. 1589/243. Desestimento da demandante.
- h) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 312/08 P.A. Demandante: D SAUL VIDAL HERNÁNDEZ. Obxecto: Sanción de tráfico. Expte.: 088633791. Desestimado o recurso.
- i) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 311/2008, p.a. Demandante: D. JOSÉ LUIS CARIDE GRANDAL. Obxecto:Desestimación presunta

de reposición contra reclamación retributiva en tema de persoal-BOMBEIROS.
Desestimado o recurso.

k) Sentenza do TSXG na apelación nº 4753/08 interposta polo COLECTIVO PROPIETARIOS AFECTADOS S. PEDRO DE SARDOMA E OUTROS. Obxecto: auto do X.Contencioso Administrativo que declara inadmisión de recurso contra desestimación de solicitude de nulidade da sesión plenaria do 29.12.07. Estimada parcialmente.

l) Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 255/08 P.O. Demandante: D MANUEL ESTEVEZ TIELAS. Obxecto: Acordo da X Goberno Local do 17/03/08 en relación con solicitude de modificación do Inventario M.B.D. (camiño público) Expte.: 17847/240. Desestimado o recurso.

m) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 486/08 P.A. Demandante: D MIGUEL FERNÁNDEZ-PEDRERA GONZALO. Obxecto: Sanción de tráfico. Expte.: 078707488.Desestimado o recurso.

n) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 4 A Coruña no RC-A nº 301/08 P.A. Demandante: Dª MARIA VICTORIA GONZALEZ PEREZ. Obxecto: Sanción Tráfico.Expte.: 088607431. Rematado o procedemento.

o) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 462/08 P.A. Demandante: Dª MARIA JOSE RODRIGUEZ VIDALES. Obxecto: Resolución do 15/04/08 desestimatoria de reclamación patrimonial. Expte.: 1756/243. Desestimado o recurso.

p) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 364/08 P.A. Demandante: D MODESTO VÁZQUEZ PAZÓ. Obxecto: Desestimación presunta do escrito de 24/04/08 sobre reclamación retributiva do Servizo de Extinción de Incendios. Desestimado o recurso.

q) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 345/08 P.A. Demandante: D MARCELO CALDAS BLANCO. Obxecto: Sanción disciplinaria a Policía Local. Expte.:33737/212. Desestimado o recurso parcialmente..

r) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 1/09 P.A. Demandante: D JOSE B. VAZQUEZ ESTEVEZ. Obxecto: Sanción de tráfico. Expte.: 088662563. Desestimado o recurso.

s) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo RC-A nº 1/09 P.A. Demandante: D JOSE B. VAZQUEZ ESTEVEZ. Obxecto: Sanción de tráfico. Expte.: 088662563. Desestimado o recurso.

t) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 501/08 P.A.

Demandante: D^a MARIA LOURDES MONTEIRO GONZALEZ. Obxecto: Desestimación presunta reclamación patrimonial. Expte.: 1746/243. Desestimento da actora.

u) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 11/09 P.A. Demandante: D SANTIAGO MARTÍ SANTOS. Obxecto: Desestimación presunta reclamación patrimonial. Expte.: 1724/243. Rematado o procedemento.

v) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 07/2009 p.a. Demandante: D. MANUEL MONTERO SOUTO. Obxecto: Desestimación presunta reclamación patrimonial. Expte.: 1726/243.

x) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 492 P.A. Demandante: D MIGUEL ANGEL LORENZO SEOANE. Obxecto: Sanción de Tráfico. Expte.: 088647159. Desestimado o recurso.

y) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 5/09, P.A. Demandante: D^a DOLORES MONTERO VERÍSIMO. Obxecto: Resolución do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo, de 30/10/2008. Providencia de constrinximento en relación con sanción de tráfico. Expte. nº.: 1.349/550 (e 8.696/700). Desestimado o recurso.

z) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 318/2008, P.A. Demandante: D. CARLOS ACOSTA SANTOS. Obxecto: Sanción de tráfico, Expte. nº.: 088625354. Estimado o recurso.

aa) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 459/08 P.A. Demandante: D^a MARIA DOLORES FERNANDEZ BESADA. Obxecto: Desestimación “Presunta” reclamación retributiva (nivel C.E., do 13 ao 17). Desestimado o recurso.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

3(524).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES DE LIBROS E COMEDOR E CONVENIO DE COLABORACIÓN COS CENTROS EDUCATIVOS PARA A XESTIÓN DE DITAS AXUDAS. EXPTE. 40204/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 14.04.09, e de acordo co informe-proposta da coordinadora do Servizo de AMES, do 4.03.09, conformado polo xefe de Área de Benestar Social, pola concelleira-delegada de dita Área e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases das axudas municipais escolares de libros e comedor nos centros públicos e privados con concerto pleno de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria, curso 2009/2010.

2º.-Aprobar o convenio marco de colaboración entre o concello de Vigo e os centros de ensino público e privados con concerto pleno, como entidades colaboradoras segundo establece a Lei de Subvencións, no marco da convocatoria para a concesión de axudas municipais de libros, material escolar e comedor para alumnos de centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil (segunda etapa), educación primaria e secundaria, do concello de Vigo.

3.- Autorizar o gasto de 35.000,00 con cargo a partida 3130.481.00.00 € para axudas municipais escolares de libros e material escolar para o curso 2009/10. Esta cantidade deberá librarse a funcionaria María Dolores González Alonso, con NIF.: 36.054.508 F, mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do departamento de Benestar Social 2080.0000.74.0040242619.

4.- Autorizar o gasto de 439.166 euros con cargo a partida 3130.481.00.00 para axudas municipais escolares de comedor para o curso 2009/10. Desta cantidade 155.000,00 euros imputaranse ao exercicio 2009, o resto, 284.166,00 euros con cargo ao exercicio do ano 2010, as contías quedarán supeditadas a dispoñibilidade orzamentaria de cada exercicio.

Ambas as dúas cantidades serán aboadas mediante libramento a xustificar na conta habilitada do departamento 2080.0000.74.0040242619.

CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (SEGUNDA ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO, CURSO 2009/2010.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Constitución española, no seu artigo 39, considera a obrigatoriedade dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

A Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local, no seu artigo 25.2.k e a Lei 5/1997, de administración local de Galicia, no seu artigo 80.2.k, establecen a competencia dos municipios na prestación de servizos sociais e de promoción e inserción social.

Pola súa parte, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexitima a actuación legislativa da Comunidade Autónoma no campo da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos de competencia xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario (artigo 27).

A Lei 4/1993, do 14 de abril, de Servizos Sociais, así como a nova Lei 13/2008, do 3 de decembro de 2008 que a substituíra en breve prazo, atribúe aos concellos, entre outras competencias, a creación e xestión dos servizos sociais de atención primaria (servizos de atención comunitaria na nova Lei). Do mesmo xeito, determinase en ambas leis que as administracións poderán conceder axudas económicas para apoiar o coidado de menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir un mínimo de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.

A Lei 3/1997, do 9 de xuño, de protección xurídica, económica e social da familia, establece como un dos principios rectores da actuación dos poderes públicos, o de desenvolver unha política integral de apoio á familia que teña en conta as súas necesidades básicas, tales como a vivenda, a educación, a cultura e o traballo, aplicando para a consecución destes fins medidas tanto preventivas como paliativas.

O artigo 5 da citada Lei 3/1997, atribúe competencias aos municipios en materia de protección á familia, infancia e a adolescencia, para o que os Concellos actuarán directamente no ámbito familiar achegando recursos e prestacións ás familias que presenten aspectos carenciais.

O proxecto de axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor leva facéndose no Concello de Vigo hai vinte anos, observándose un crecemento tanto na demanda coma no seu orzamento. Van destinadas a alumnos/as matriculados en centros docentes públicos e privados concertados, empadroados e pertencentes a unidades familiares en situacións carenciais.

Por todo isto convocase a concesión de axudas municipais de libros, material escolar e comedor, no marco xurídico definido da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

PRIMEIRA.- *Obxecto e finalidade.*

É obxecto da presente convocatoria regular o procedemento para a concesión de subvencións ás familias do alumnado de centros docentes públicos e privados concertados, de educación infantil (segunda etapa), educación primaria e secundaria obrigatoria, con enderezo en Vigo, para o curso 2009-2010.

As axudas de libros, material escolar e comedor van dirixidas, prioritariamente, a menores de familias con dificultades socioeconómicas.

Os programas subvencionables serán:

- 1. Axudas para a adquisición de libros e material escolar para Educación Infantil (2ª etapa).*

2. Axudas para comedores escolares (setembro a xuño, ámbolos dous incluídos) para alumnos/as matriculados nos niveis de Educación Infantil (2ª etapa), Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.

Estas axudas outorgaranse de acordo aos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

O fin último das subvencións é o de favorecer a integración socio laboral dos pais, nais, titores ou acolledores, apoiando a unidade familiar que, por escasez de recursos económicos, non poden afrontar o custo do servizo.

SEGUNDA.- Contía

A contía da presente convocatoria ascende a un total de 460.000 €, na partida 3130.4810000 do orzamento de gastos do presente exercicio, coa seguinte distribución:

- 35.000 euros para axudas á adquisición de libros e material escolar no nivel de Educación Infantil (2ª etapa).
- 425.000 euros para axudas de comedor.

TERCEIRA.- Publicidade e prazo

A publicación das presentes bases e a resolución das axudas realizarase no taboleiro de anuncios do Concello, nas Unidades Básicas de Acción Social (UBAS) e na páxina de internet www.vigo.org, anunciaranse, igualmente, no Boletín Oficial da Provincia a convocatoria, así como o prazo de presentación de solicitudes, que será reiterada por medio de anuncios nos medios de comunicación.

O prazo de presentación de solicitudes fíxase do 27 de abril ao 11 de maio de 2009, ambos inclusive.

As axudas que se concedan a través desta convocatoria, publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello e das UBAS nos restantes casos, con expresión do alumno/solicitante/expediente/colexio/finalidade da subvención (libros, material escolar ou comedor), a resolución recaída (concedida-denegada ou lista de espera).

CUARTA.- Beneficiarios

O programa para comedores escolares da presente convocatoria engloba dous tipos de beneficiarios, agrupados nas modalidades A e B, que deben reunir os requisitos que se sinalan:

Modalidade A.- Por convocatoria ordinaria.

Modalidade B.- Con carácter excepcional.

Os beneficiarios estarán matriculados, no curso 2009/2010, en centros públicos ou con concerto pleno nos niveis de:

- Educación Infantil (2ª etapa) 3 a 5 anos
- Educación Primaria 6 a 12 anos

- *Educación Secundaria Obrigatoria* 12 a 16 anos

As subvencións que se otorguen en calquera das modalidades, realizáranse en réxime de concurrencia competitiva.

Os beneficiarios da modalidade B integraranse na lista de espera existente, proveniente da convocatoria ordinaria, en función da puntuación obtida.

QUINTA.- Compatibilidade

As axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor son incompatibles con calquera outra axuda para a mesma finalidade de organismos públicos ou privados, agás as que concede o Concello de Vigo a través das FOANPAS e a Consellería de Educación da Xunta de Galicia para comedor, comprometéndose o solicitante a comunicar e/ou reintegrar o concedido polo Concello de Vigo, no caso de ter percibida outra axuda

Os alumnos/as tutelados/as pola Xunta de Galicia tampouco poderán acceder as axudas de libros, material escolar e comedor. No caso de ter axuda de comedor concedida e seren tutelados pola Xunta, esta sería revocada.

SEXTA.- Requisitos

Serán requisitos necesarios para solicitar as axudas:

- *A unidade familiar deberá estar empadroadada e residir de modo efectivo no Concello de Vigo (a comprobación realizarase polo propio Departamento de Benestar Social).*
- *Convivir cos alumnos/as para os que se solicitan as axudas.*
- *Estar matriculado ou ter reserva de matrícula para o curso escolar da respectiva convocatoria.*
- *Con respecto á axuda de comedor debese contar con praza no mesmo, de non ser así aínda tendo concedida a axuda non se fará efectiva.*
- *Que os/as alumnos/as para os/as que se solicitan as axudas estean matriculados en centros públicos ou con concerto total, en segunda etapa de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.*
- *Ter presentado a solicitude e documentación durante os prazos estipulados.*
- *Que a renda per cápita mensual da unidade familiar non exceda de 2/3 do IPREM para o ano 2009, equivalente a 351 euros*
- *Que os centros educativos para os que se solicita a axuda estén ubicados no termo municipal de Vigo.*

Para os efectos destas axudas enténdese por unidade familiar:

- a) A formada polos cónxuxes e seus descendentes, que convivan habitualmente.*

- b) *Nos casos de separación legal, viuvez, familia monoparental ou unión de feito sen vínculo matrimonial, a formada polos respectivos titulares cos seus descendentes, que convivan habitualmente.*
- c) *A formada polo posible beneficiario e seus acolletores de feito ou de dereito, que convivan habitualmente.*
- d) *A separación transitoria motivada por razóns de estudo, traballo, tratamento médico ou outras causas similares, non rompen a convivencia para estes efectos.*

SÉTIMA.- Sistemas de solicitude e documentación

Solicitude:

Os solicitantes, independentemente de que obtivesen axuda na convocatoria anterior, deberán participar como demandantes de nova convocatoria, na modalidade A da base cuarta, para o que subscribirán impreso de solicitude segundo modelo I.

Documentación

- a) *Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte do solicitante.*
- b) *Fotocopia do libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar coas súas datas de nacemento.*
- c) *Fotocopia da declaración do IRPF –exercicio 2007- no caso de traballadores autónomos, correspondente a cada un dos membros computables da unidade familiar nesta situación laboral.*
- d) *Xustificantes de ingresos de todos os membros da unidade familiar maiores de 18 anos:*

- *Traballadores en activo:*

Traballadores por conta allea: fotocopia das nóminas de xaneiro, febreiro e marzo de 2009.

Traballadores autónomos:

- *Fotocopia das nóminas de xaneiro, febreiro e marzo de 2009.*
- *Fotocopia da declaración de patrimonio, ano 2007 (Xunta –Consellería de Economía e Facenda).*
- *Fotocopia pagamento a conta do IRPF do primeiro trimestre do ano 2009 para empresarios e profesionais (modelo 130 ou 131).*

- *Para pensionistas: xustificante de pensión/s mensual/ais (viudedade, orfandade, non contributiva, etc...) no seu caso, certificado negativo emitido polo INSS correspondente o ano 2009.*
- *Para demandantes de emprego con prestacións:*
 - *Certificado das prestacións do INEM de xaneiro, febreiro e marzo de 2009.*
 - *Vida laboral da Tesorería da Seguridade Social.*
- *Para demandantes de emprego sin prestacións:*
 - *Fotocopia tarxeta demanda de emprego (certificado de inscrición como demandante de emprego) (Xunta)*
 - *Vida laboral da Tesorería da Seguridade Social.*
- *Para perceptores da RISGA:*
 - *Aportarán únicamente o xustificante da contía mensual que percibe.*

Nos supostos en que exista imposibilidade de documentar determinadas situacións de carencia económica, esta deberá acreditarse mediante declaración xurada dos interesados.

- e) *Para os/as alumnos/as de Educación Infantil (2ª etapa) que soliciten, libros e material escolar, aportarán un xustificante do centro educativo no que se faga constar que para o curso 2009/10 están matriculados/as ou teñen reserva de matrícula neste nivel educativo.*
- f) *Para os/as alumnos/as de Educación Infantil (2ª etapa), primaria ou secundaria obrigatoria que soliciten axudas de comedor, aportarán un xustificante do centro escolar no que se faga constar que teñen interés no servizo de comedor para o curso 2009/010.*
- g) *Fotocopia da certificación do grao de minusvalidez no caso de que algún membro da familia esté afectado por ela, ou resolución de invalidez.*
- h) *Calquera outra que se considere conveniente na instrucción do procedemento da resolución.*
- i) *No suposto de resultar beneficiario das axudas de libros e material escolar no momento de recibir o talón presentará factura xustificativa orixinal.*

No caso de que algúns documentos requiridos no poidan presentarse por impedimento legal ou administrativo, substituirase por unha declaración de compromiso/xurada.

OITAVA.- Formalización de solicitudes

Os solicitantes das axudas consideradas nas presente bases presentarán as súas solicitudes a través do Rexistro Xeral Municipal ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común na súa redacción dada pola Lei 4/1999 do 13 de xaneiro.

NOVENA.- Tramitación e reparación de erros

A instrucción do procedemento de concesión das axudas convocadas, correspóndelle ao Departamento de Benestar Social, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa, e si fora o caso, requerirá para subsanación da solicitude ou documentación perceptiva de acordo co establecido no artic. 71.1 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas, para que no prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou acompañe os documentos requiridos, informaráselle de que, de non o facer, teráselle por desistido da súa petición, tras a resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 42 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999.

DECIMA.- Criterios de valoración

As solicitudes valoraranse tendo en conta os aspectos sociais e económicos dos compoñentes da unidade familiar, que sumadas conformarán a puntuación final.

No caso de igualdade na puntuación final entre solicitantes, establecerase a lista de concesión por orden inverso á da contía da renda per cápita da unidade familiar.

Aspectos sociais

- Por cada menor de 16 anos..... 1 punto
- Familia monoparental..... 1,50 puntos
- Por cada alumno solicitante en acollemento familiar..... 2 puntos
- Por cada membro da unidade familiar en situación de desemprego..... 2 puntos
- Perceptor/a de RISGA o Pensión Non Contributiva..... 5 puntos

(incompatible con situación de desemprego)

- Discapacidade:

Por cada membro afectado por algunha minusvalía legalmente calificada ...1 punto

- Cando o menor se atope en situación de risco ou desprotección, un máximo de

3,50 puntos

Ás situacións de risco ou desprotección valoradas polos/as técnicos/as de servizos sociais, corresponderán as seguintes valoracións:

- *Disfuncionalidade da dinámica familiar que se orixina pola tensión xerada polas situacións de inestabilidade laboral e/ou precariedade económica..... 0,50 puntos.*
- *Dificultades de atención ao menor por parte da súa familia, orixinada pola ausencia de hábitos de coidados adecuados ou a existencia de antecedentes de risco0,50 puntos.*
- *Dificultades de atención ao menor a causa de enfermidades físicas e/ou psíquicas dos seus coitores (alcohol, drogas, discapacidades)0,50 puntos.*
- *Problemas de desaxuste familiar ou socio-familiar que poida afectar ao desenvolvemento normalizado do menor 0,50 puntos.*
- *Problemas específicos do menor 0,50 puntos (rexeitamento social, fracaso escolar, absentismo, conflito na escola, etc.)*
- *Menores en proceso de intervención social en programas municipais .. 0,50 puntos.*
- *Menores que habitan en vivendas con características de infravivenda, chavolismo ou amoramento 0,50 puntos.*

TOTAL ATA..... 3,50 PUNTOS

A puntuación destes aspectos sociais son acumulables.

2. Aspectos económicos

A valoración económica farase tendo en conta a renda per cápita mensual da unidade familiar.

- *0 a 43,86 8.5*
- *43.87 a 87.74 7.5*
- *87.75 a 131.60 6.5*
- *131.61 a 175.46 5.5*
- *175.47 a 219.32 4.5*
- *219.33 a 263.18 3.5*
- *263.19 a 307.04 2.5*
- *307.05 a 351.00 1.5*

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión de valoración

A Comisión de Valoración quedará integrada polo/a Concelleiro/a Delegado/a que actuará de presidente; o xefe de área de Acción Social; a técnica responsable do programa e a técnica do departamento xurídico administrativo que actuará como secretaria. Este órgano colexiado emitirá informe no que se concrete o resultado da avaliación.

DÉCIMO SEGUNDA.- Concesión e resolución das axudas

O/a instructor/a do procedemento avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios e valoración que se determinan na base décima, e fará constar expresamente que da información que obra no seu poder, se desprende que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións. O/a instructor/a do procedemento solicitará unha avaliación previa dos/as profesionais responsables das Unidades Básicas de Acción Social.

Rematada a instrucción do expediente, este remitiráselle á Comisión de Valoración establecida na base undécima.

A proposta de resolución conterá a relación na que se indicará todos os solicitantes que participan na convocatoria, os/as alumnos/as, puntuación, expediente, colexio, curso, concepto (libros, material escolar e comedor), resolución das axudas, co seu estado de concedido, denegado ou lista de espera.

- *Concedidas.- Reseñarse a subvención individual de cada beneficiario, tendo en conta que o importe total das mesmas no poden superar o crédito consignado.*
- *Denegadas.- Farase constar algúns dos seguintes motivos :*
 - *A solicitude foi presentada fóra de prazo.*
 - *Non aportan a documentación requerida.*
 - *Non estar empadroados.*
 - *Matriculado nun centro privado sen concerto.*
 - *Supera os ingresos.*
 - *O centro non conta co servizo de comedor.*
 - *O/A alumno/a non está matriculado/a.*
 - *Por non cumprimento do requisito de excepcionalidade.*
- *Lista de espera: coa súa correspondente puntuación.*

A Xunta de Goberno Local, a proposta da instructora do procedemento, previo informe da Comisión de Valoración, acordará a aprobación definitiva das subvencións con cargo á partida 3130.4810000 “Becas libros, material escolar e comedor” do orzamento de Benestar Social Concello do ano 2009, por uns importes máximos de 35.000 € para axuda de libros e material escolar de Educación infantil (2ª etapa) e 425.000 € para comedor do curso 2009/2010.

DECIMO TERCEIRA.- Contía , pagamento das axudas e xustificación.

1.- Contía para libros e material escolar

Educación infantil (3, 4 e 5 anos) 75,00 € / alumno/a

O pagamento destas axudas realizarase dunha soa vez por medio de cheque bancario, tras a presentación de facturas orixinais. Ditos cheques aboaráanse no Departamento de Benestar Social do Concello de Vigo ata o 15 de novembro de 2009.

Nos casos especiais e tendo en conta a situación social da familia subvencionada, o pagamento da axuda, tras a delegación escrita do beneficiario, aboaráselle ao/a profesional da UBAS ou programa correspondente, que disporá o pago da contía que se subvenciona directamente no establecemento subministrador do material escolar.

2.- Contía para comedor

O prezo da praza de comedor será comunicado polo Centro escolar, previamente deducidas as subvención recibidas ou pendentes de recibir, para a mesma finalidade, ao Departamento de Benestar Social do Concello,

A axuda municipal de comedor, por mes e alumno/a será como máximo de 41 € .

Nos meses con menos de dezaseis días lectivos, aboarase o 70% do coste total do comedor.

A diferenza, de habela, entre o prezo da praza e a axuda municipal deberá ser pagada polo pai, nai ou titor.

3.- Pagamento das axudas

As becas concédense ás familias e pagaránse aos centros, que actuarán como entidades colaboradoras nos termos previstos na Lei 38/2003, xeral de subvenciones, e na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. Os centros asumen o compromiso de xestionar a aplicación dos fondos, de acordo a súa finalidade, responsabilizándose de comunicar as baixas e os traslados dos/as alumnos/as beneficiarios/as ao Departamento de Benestar Social.

4.- Pago á entidade colaboradora e seguemento das axudas.

O pago realizaráse mediante transferencias dende a conta habilitada 2080-0000-74-0040242619 do Departamento de Benestar Social á conta corrente de cada un dos centros educativos cos que se conveña a colaboración para a xestión destas axudas.

A xustificación dos ingresos na entidade colaboradora acreditarase mediante o soporte documental da transferencia.

As propostas de abonamento aos centros educativos faranse de xeito anticipado en tres prazos:

- O primeiro, ao longo do primeiro trimestre do curso escolar, por un importe máximo estimado correspondente ao 40 por 100 do importe correspondiente á resolución definitiva de beneficiarios/as.*
- O segundo, no segundo trimestre do curso escolar, ata completar un importe máximo correspondente ao 80 por 100 de todas as becas efectivamente concedidas para o curso escolar, previo reaxuste das cantidades abonadas no primeiro pago.*
- O terceiro, no último trimestre do curso escolar, ata completar o 100 por 100 do importe total de todas as becas, en función das necesidades reais satisfeitas nos pagos anteriores e previo reaxuste da cantidade concedida nos mesmos.*

Unha vez finalizado o curso escolar, a dirección do centro certificará a utilización do servizo de comedor durante todo o partem do curso por parte dos/as alumnos/as beneficiarios/as e a aplicación dos fondos recibidos ao pago dos servizos de comedor, achegando á mesma os listados de firmas dos pais, nais e/ou titores.

No pago do segundo e tercer aboamento regularizaranse os correspondentes axustes debidos aos traslados ou renuncias dos alumnos/as beneficiarios/as, tendo que reintegrar, en todo caso as cantidades que correspondan as baixas producidas e non cubertas con alumnos/as da lista de espera.

O traslado de centro docente o longo do curso dentro do municipio, non supón para o beneficiario, a perda da axuda, sempre e cando, no novo centro exista dispoñibilidade de praza e sexa comunicado ao Departamento de Benestar Social para a súa autorización. O traslado, de producirse, surtirá efectos a partir do primeiro día do mes seguinte.

Se o/a alumno/a trasladarase sen finalizar o mes a outro centro, será a familia a que se faga cargo do abono do comedor.

De producirse baixas entre os beneficiarios das axudas escolares de libros, material escolar e comedor, estas serán cubertas por outros alumnos, que téndoas solicitada por calquera das modalidades fixadas na cláusula cuarta, atópanse na lista de espera con maior puntuación, independentemente do colexio ao que pertenza, sempre que exista crédito.

DÉCIMO CUARTA.- Reclamacións

O prazo de resolución e de notificación non excederá de seis meses contados desde o inicio do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución do procedemento notificaráselles aos interesados conformne ao previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adoptan na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a dictou no prazo dun mes. Entenderase desestimado si transcorre outro mes sin contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo tal como prevé o artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses.

Os prazos contarase a partir do día seguinte da publicación.

Contra a resolución individual poderán interpoñerse no prazo dun mes contado a partir do día seguinte da publicación da resolución no tablón de anuncios do Concello e das Unidades Básicas de Acción Social.

DÉCIMO QUINTA.- Modalidade excepcional

Co fin de dar protección as situacións carenciais ou excepcionais do alumnado que se poideran presentar ao longo do curso escolar, unha vez resoltas as axudas da convocatoria ordinaria, poderán solicitarse axudas con carácter excepcional, debidamente xustificada ante a Comisión de Valoración a que alude a base décimo primeira, e a conseguinte aprobación da Xunta de Goberno Local, sempre e cando cumpran os requisitos para solicitar, acheguen a documentación requirida, reseñen a causa da excepcionalidade da solicitude e exista dispoñibilidade orzamentaria.

Unha vez resolta pasará a formar parte da lista de espera única proveniente da convocatoria ordinaria.

DÉCIMO SEXTA.- Obrigas dos beneficiarios

Os beneficiarios das axudas de comedor deberán asumir as seguintes obrigas:

- Utilizar o servizo de comedor todo o mes, agás causas xustificadas.*
- Comunicarlles ás Unidades Básicas de Acción Social que lle corresponda por enderezo ou ó centro educativo as baixas.*
- O cumprimento das normas establecidas no regulamento interno do centro educativo para o servizo de comedor ao que pertence o alumno/a, o Consello Escolar do centro poderá adoptar as medidas que crean oportunas. Se a medida adoptada fose a expulsión do servizo de comedor, a axuda suspenderase polo tempo que esta dure.*

O pai, nai ou titor está obrigado a asinar os listados da axuda de comedor no centro escolar no que estea matriculado o alumno/a.

- O aboamento por parte do pai, nai ou titor da diferenza, de existir, entre o prezo real do comedor e a axuda percibida.*

DÉCIMO SÉTIMA.- Revocación e réxime sancionador

- a) No caso das axudas de libros e material escolar, revocarase a subvención concedida cando esta non fora destinada ao fin para o que foi concedida.*
- b) No caso de axudas para comedor, cando o Concello teña coñecemento da ausencia a este sen causa xustificada, por un período continuado de catro días, ou tres alternos no período dun mes, poderá sancionarse o/a alumno/a coa suspensión temporal ou definitiva para o curso 2009-2010.*

A suspensión comenará sempre o primeiro día do mes e de tratarse dunha suspensión temporal, o reinicio será tamén a primeiros do mes estipulado.

- c) Todas as demais causas de reintegro que contén o Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*

DÉCIMO OITAVA.- Norma final

En todo aquilo non previsto nas presentes bases, serán de aplicación as normas básicas da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (artigo 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (artigo 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, no non previsto, a Lei xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, RD 887/2006, de 21 de xuño; a lexislación básica do Estado de réxime local; a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2009; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CENTRO
----- PARA A XESTIÓN DAS AXUDAS NO
MARCO DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE
LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS DE CENTROS
DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL
(SEGUNDA ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE
VIGO.

REUNIDOS

Dunha parte D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro, en calidade de Concelleira Delegada da Área de Benestar Social do Concello de Vigo, por decreto de Delegación de data 5 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2007.

Doutra D Director do Centro

EXPOÑEN

A Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local, no seu artigo 25.2.k e a Lei 5/1997, de administración local de Galicia, no seu artigo 80.2.k, establecen a competencia dos municipios na prestación de servizos sociais e de promoción e inserción social.

A Lei 3/1997, do 9 de xuño, de protección xurídica, económica e social da familia, establece como un dos principios rectores da actuación dos poderes públicos, o de desenvolver unha política integral de apoio á familia que teña en conta as súas necesidades básicas, tales como a vivenda, a educación, a cultura e o traballo, aplicando para a consecución destes fins medidas tanto preventivas como paliativas.

O artigo 5 da citada Lei 3/1997, atribúe competencias aos municipios en materia de protección á familia, infancia e a adolescencia, para o que os Concellos actuarán directamente no ámbito familiar achegando recursos e prestacións ás familias que presenten aspectos carencias.

A Lei 4/1993, do 14 de abril, de Servizos Sociais, así como a nova Lei 13/2008, do 3 de decembro de 2008 que a substituirá en breve prazo, atribúe aos concellos, entre outras competencias, a creación e xestión dos servizos sociais de atención primaria (servizos de atención comunitaria na nova Lei).

Do mesmo xeito, determinase en ambas leis que as administracións poderán conceder axudas económicas para apoiar o coidado de menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir un mínimo de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.

Que en base ao anterior, o Concello de Vigo convoca a concesión de axudas municipais de libros, material escolar e comedor, no marco xurídico definido da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Que o centro escolar realiza o servizo público de educación

Que ámbalas dúas partes consideran que, por razóns de eficacia na xestión e co fin de conseguir a mellor prestación do servizo aos beneficiarios/as das axudas, e de conformidade cos artigos 12 a 16 de la Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións, e cos artigos 9 a 13 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideran procedente a firma do presente convenio de colaboración.

Polo tanto acordan subscribir o seguinte convenio de colaboración coa suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto fixar o marco xeral de colaboración entre as entidades asinantes para a mellor xestión das axudas municipais de comedor para alumnos/as de centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil (segunda etapa), educación primaria e educación secundaria.

Segunda. Ámbito de aplicación

Quedan incluídas no presente convenio as actuacións derivadas da convocatoria do Concello de Vigo, na que os centros de ensino actúen conforme ao previsto no artigo 12 de la Lei 38/2003, xeral de subvencións en no artigo 9 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.,

Terceira. Obrigacións do Concello de Vigo

No marco do presente convenio, ao Concello de Vigo, a través do Departamento de Benestar Social, correspóndelle:

3.1. Comunicar aos centros a relación de beneficiarios/as das axudas, así como a información relativa aos cambios que poidan producirse durante a súa vixencia.

3.2. Aboar ao centro escolar a axuda concedida aos/as beneficiarios/as das mesmas, de acordo co seguinte procedemento:

O pago realizarase mediante transferencias que se realizarán dende a conta habilitada 2080-0000-74-0040242619 do Departamento de Benestar Social á conta corrente de cada un dos centros educativos cos que se conveña a colaboración para a xestión destas axudas.

A xustificación dos ingresos na entidade colaboradora acreditarase mediante o soporte documental da transferencia.

As propostas de abonamento aos centros educativos faranse de xeito anticipado en tres prazos:

- O primeiro, ao longo do primeiro trimestre do curso escolar, por un importe máximo estimado correspondente ao 40 por 100 do importe correspondente á resolución definitiva de beneficiarios/as.*
- O segundo, no segundo trimestre do curso escolar, ata completar un importe máximo correspondente ao 80 por 100 de todas as becas efectivamente concedidas para o curso escolar, previo reaxuste das cantidades abonadas no primeiro pago.*
- O terceiro, no último trimestre do curso escolar, ata completar o 100 por 100 do importe total de todas as becas, en función das necesidades reais satisfeitas.*

Cuarta. Obrigacións da entidade colaboradora

Aos centros educativos que actúan en nome e por conta do Concello de Vigo, como órgano concedente das axudas, correspóndelles:

4.1. Asumir a condición de entidade colaboradora aos efectos do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para todos os/as beneficiarios/as aos que lle sexan concedidas axudas incluídas no ámbito de aplicación do presente convenio.

4.2. Aboar as axudas que correspondan as persoas incluídas nas relacións de beneficiarios/as a las que se refire o punto anterior, coa duración e a contía que se indica nas resolucións da convocatoria ou en resolucións posteriores.

4.3. O centro educativo presentará os listados da axuda de comedor dos alumnos matriculados no centro, asinados polo pai, nai ou titor con inmediata posterioridade ó último pago, rematado o curso escolar. De non ser así o Concello poderá chegar mesmo a non continuar co convenio de colaboración co centro por incumprimento das normas estipuladas, no seguinte curso escolar

4.4. Cumprir os requisitos recollidos na Lei 38/2003, doe 17 de novembro, Xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia así como facilitar toda a información que lles sexa requirida polo Departamento de Benestar Social.

Quinta. Xustificación

5.1. No pago do segundo e terceiro aboamento regularizaranse, por parte de entidade colaboradora os correspondentes axustes debidos aos traslados ou renuncias dos alumnos/as beneficiarios/as, tendo que reintegrar, en todo caso as cantidades que correspondan as baixas producidas e non cubertas con alumnos/as da lista de espera.

5.2. Unha vez finalizado o curso escolar, a dirección do centro certificará a utilización do servizo de comedor durante todo o curso por parte dos/as alumnos/as beneficiarios/as e a aplicación dos fondos recibidos ao pago dos servizos de comedor, e achegará xunto con ella os listados de firmas dos pais, nais e/ou titores.

5.3. O traslado de centro docente o longo do curso dentro do municipio, non supón para o beneficiario, a perda da axuda, sempre e cando, no novo centro exista dispoñibilidade de praza e sexa comunicado ao Departamento de Benestar Social para a súa autorización. O traslado, de producirse, surtirá efectos a partir do primeiro día do mes seguinte.

5.4. Se o/a alumno/a trasladarase sen finalizar o mes a outro centro, será a familia a que se faga cargo do abono do comedor.

5.5. De producirse baixas entre os beneficiarios das axudas de comedor, estas serán cubertas por outros alumnos, que téndoa solicitada por calquera das modalidades fixadas na cláusula cuarta, atópanse na lista de espera con maior puntuación, independentemente do colexio ao que pertenza, sempre que exista crédito.

5.6. A efectos dunha mellor xestión dos datos relativos á xustificación e dos/as beneficiarios/as , ambas partes concretarán a forma de intercambiar a información en formatos electrónicos.

Sexta. Duración e revisións do convenio

6.1. O presente convenio terá unha duración de catro anos e entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura. De acordo coa Lei 38/2003 Xeral de Subvenciones, os convenios de colaboración poden ter unha duración de ata seis anos, polo que pode ser prorrogado dos anos mais, de acordalo así as partes.

6.2. As disposicións do presente convenio poden ser parcial u totalmente modificadas por acordo das partes. As modificacións acordadas achegaranse como addenda ao texto do convenio.

6.3. Calquera das partes pode denunciar o convenio cun preaviso de seis meses, nese caso as partes comprométese a manter os compromisos adquiridos ata a finalización do período completo das axudas concedidas aos/as beneficiarios/as.

Sétima. Natureza e Xurisdicción

O presente convenio está incluído no ámbito da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (artigo 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (artigo 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións.

Para calesquera cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación, modificación ou resolución do presente convenio, as partes acordan someterse á Comisión de Valoración e, a falta de acordo, acudirase á xurisdicción contencioso-administrativa en virtude do previsto no artigo 8.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Oitava. Protección de Datos

As partes obríganse a cumprir a normativa sobre protección de datos de carácter persoal, con respecto aos datos persoais obtidos dos beneficiarios/as, conseguindo dos mesmos cantos consentimentos, relativos ao seu uso, puideran ser necesarios.

E, en proba de conformidade, asinan o presente convenio por duplicado, en Vigo, a de de

4(525).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DO PROGRAMA EDUCATIVO “VIGO POR DENTRO”. EXPTE. 18601/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 9.03.09, conformado polo concelleiro de Patrimonio e o interventor xeral, que di o seguinte:

A XGL do Concello de Vigo de data 10 de decembro de 2007, cordou adxudicar a Producción e Xestión Cultural, S.L., o lote A (monitoraxe e comunicación), e a "Autocares la Florida S.A." o Lote B (Transporte), do concurso para a contratación dos servizos do programa educativo municipal Vigo por dentro, por uns prezos anuais de 127.000,00 euros para o lote A) e de 53.625 euros/ano para a execución de 825 viaxes dentro do termo municipal de Vigo e un prezo de 46.897,5 euros/ano para viaxes fora do termo municipal, todo de acordo cos pregos de condicións aprobados por acordo da XGL de 10/09/07 e a oferta presentada.

Segundo os contratos administrativos de datas 15 de xaneiro de 2008 (Producción e Xestión Cultural) e 21 de xaneiro de 2008 (Autocares la Florida), firmado entre as partes, na cláusula cuarta do mesmo, establecece que o prazo do contrato será de dous anos, conforme ó estipulado na cláusula 2 do prego de condicións administrativas e apartados 7.1.2 e 7.1.1 da FEC. A data de inicio de ambos contratos comenará a computar a partir de 1 de febrero de 2008.

Na cláusula 3.2.1 do prego de cláusulas administrativas que rexeron o concurso para a adxudicación do contrato, establece que os prezos do contrato poderán ser obxecto de revisión, cando deste xeito se determine a súa procedencia no apartado 9.1 da FEC conforme a fórmula ou sistema de revisión indicado no apartado 9.2 da FEC. A súa aplicación aterase ó previsto nos artigos 103 e 104 do TRLCAP.

Para o calculo da revisión actualmente solicitada, o prezo de adxudicación , aplicaráselle o incremento experimentado polo IPC dende o mes de apertura de prosicións, outubro de 2007, e a data de revisión xaneiro de 2009, que según datos facilitados polo INE foi de 1,3, polo que quedaría un prezo revisado para cada un dos contratos de:

- 128.651,00 euros para o Lote A) monitoraxe e comunicación.*
- 101.829,29 euros/ano para o Lote B) transporte.*

Polo exposto, previo informe da Intervención Xeral, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte A C O R D O

Aprobar a revisión de prazos do contrato do Programa educativo, Vigo por Dentro, fixando estes:

- Lote A) (monotoraxe e comunicación) adxudicado pola XGL de 10 de decembro de 2007 a "Producción e xestión Cultural", establecendo o prezo do contrato, a partir do día 1 de febreiro de 2009 a 31 de xaneiro de 2010, na cantida de 128.651,00 euros/ano.*
- Lote B) transporte, adxudicado a "Autocares la Florida S.A." pola XGL de 10 de decembro de 2007, establecendo o prezo do contrato a partir do 1 de febreiro de 2009 a 31 de xaneiro de 2010 na cantidade de 101.829,29 euros/ano.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(526).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE LIMPEZA, ACONDICIONAMENTO E MANTEMENTO DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS. EXPTE. 18600/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Admón. Especial, conformado polo interventor xeral e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a revisión de prezos do contrato de limpeza, acondicionamento e mantemento dos cemiterios municipais, adxudicado a empresa "Servizos auxiliares de mantemento e limpeza", Samyl, S.L., na XGL de 30 de abril de 2007, establecendo dito prezo para a segundo anualidade do contrato, a partir do 15 de maio de 2008, na cantidade de 195.411,02 euros/ano.

6(527).- ADXUDICACIÓN DUN LOTE DE 74 VEHÍCULOS PARA CHATARRA. EXPTE. 2545/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 2.04.09, a Xunta de Goberno local acorda:

Allear a DESGUACES MINGOS, S.L. o lote de 74 vehículos relacionados no expediente 2545-241 por un prezo de 5.550 euros, de acordo coas condicións aprobadas polo acordo da Xunta de Goberno de data 22.12.2008.

7(528).- ADXUDICACIÓN DUN LOTE DE 28 VEHÍCULOS PARA CHATARRA. EXPTE. 76014/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación, realizada o 15.04.09, a Xunta de Goberno local acorda:

Allear a Desguaces Mingos, S.L.:o lote de 28 vehículos relacionados no expediente 76014-210 por un prezo de 2.250 euros, de acordo coas condicións aprobadas polo acordo da Xunta de Goberno de data 16.03.2009.

8(529).- ADXUDICACIÓN DUN LOTE DE 22 VEHÍCULOS PARA CHATARRA. EXPTE. 76013/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación, realizada o 15.04.09, a Xunta de Goberno local acorda:

Allear a Desguaces Mingos, S.L: o lote de 22 vehículos relacionados no expediente 76013-210 por un prezo de 1.950 euros, de acordo coas condicións aprobadas polo acordo da Xunta de Goberno de data 16.03.2009.

9(530).- DECLARACIÓN DE ZONA PROTEXIDA DA RÚA JOAQUÍN LÓRIGA E DO SEU ENTORNO AO ABEIRO DO ARTIGO 6 DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA CONVIVENCIA CIDADÁ E O OCIO DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 76157/210.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Seguridade, do 15.04.09, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Seguridade e Transportes, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES DE FEITO:

I.1.- A instancia do Valedor do Cidadán, “G.O.C, S.A”, empresa homologada pola Xunta de Galicia para realizar medicións acústicas e vibratorias e acreditada por ENAC para realizar inspeccións de ruído ambiental, procedeu a avaliar a variación dos niveis sonoros nocturnos de inmisión existentes na vivenda sita na rúa Ecuador nº 29 - piso 2º, de Vigo, producida polo ruído de ocio derivado da aglomeración de persoas concentradas na vía pública.

A inspección acústica realizouse polos técnicos de “G.O.C, S.A” na madrugada do día 27 ao 28 de outubro de 2006. Segundo consta no informe de resultados nº 36-060196-CC-01, a información acústica recollida na vivenda analizada reflexa como o ruído de ocio induce un incremento nos seus niveis sonoros interiores.

Deste xeito, a medición sonométrica realizada ás 21:20 horas do 27.10.2006 no salón da vivenda en ausencia de ruído de ocio nocturno provocado pola aglomeración de persoas na vía pública, constatou un valor de 37,7 dB(A). Dito valor incrementouse coa presenza do ruído de ocio nocturno, por canto realizouse medición ás 02:33 horas do 28.10.2006 co resultado 47 dB(A).

Do mesmo xeito, realizouse medición sonométrica no dormitorio da vivenda. Dita medición realizada ás 21:24 horas do 27.10.2006 en ausencia de ruído de ocio nocturno, constatou un valor de 38,2 dB(A). Dito valor incrementouse coa presenza do ruído de ocio nocturno, por canto realizouse medición ás 02:36 horas do 28.10.2006 co resultado 45,4 dB(A).

I.2.- Con rexistro de entrada 23.05.2007, docum. nº 70061896, Dona María Carlota Nogueira De Abreu, actuando en representación dos vecinos afectados polo ruído do ocio nocturno da rúa Joaquín Loriga e das súas inmediacións, presentaba escrito solicitando a declaración da rúa Joaquín Loriga como zona acústicamente saturada.

I.3.- Mediante parte de servizo de data 30.12.2007, a Policía Local informaba que nas inmediacións das rúas Ecuador e Joaquín Loriga concéntranse regularmente na vía pública preto de 900 ou 1.000 persoas aproximadamente, especialmente as noites dos xoves, vernes e sábados. Os axentes actuantes constataron a práctica do “botellón”, consumo de alcohol e outras bebidas na vía pública, práctica que ocasiona numerosas molestias á vecindade, tales como ruído, abandono de residuos sólidos urbanos, suciedade, etc ...

I.4.- Mediante parte de servizo de data 24.01.2008, a Policía Local informaba sobre a existencia de diversos danos ao patrimonio municipal (papeleiras e contenedores rotos...) nas inmediacións das rúas Joaquín Loriga e Ecuador. Asemade, informan da suciedade existente nos accesos aos garaxes das vivendas sitas na zona, onde os xóvenes practicantes do botellón orinan e abandonan numerosos residuos sólidos urbanos (vasos, botellas, ...).

I.5.- Con rexistro de entrada 10.04.2008, docum. nº 80043088, Don Jacobo Toujeiro Sierto e Dona María Tourón Figueroa Porto, actuando en representación dos vecinos afectados polo ruído do ocio nocturno da rúa Joaquín Loriga e das súas inmediacións, presentaban escrito denunciando a penosa situación que veñen sufrindo dende marzo de 2005 a consecuencia do botellón e asemade, solicitan ao Concello a adopción de medidas urxentes para combatir o mesmo.

I.6.- Mediante parte de servizo de 19.07.2008, a Policía Local informaba sobre a existencia dun xoven inconsciente, cun coma etílico, na zona do botellón do entorno de Joaquín Loriga, e do seu posterior traslado ao Hospital Menxueiro de Vigo.

I.7.- Mediante parte de servizo de 11.10.2008, a Policía Local informaba que nas inmediacións das rúas Joaquín Loriga e Ecuador concéntranse na vía pública preto de 800 persoas aproximadamente, especialmente as noites dos xoves, vernes e sábados. Os axentes actuantes constatan a práctica do “botellón”, consumo de alcohol e outras bebidas na vía pública, ocasionando gran alboroto e molestias diversas á vecindade.

I.8.- Mediante parte de servizo de 13.10.2008, a Policía Local informaba que nas inmediacións das rúas Joaquín Loriga e Ecuador concéntranse na vía pública preto de 800 persoas aproximadamente ás 01:00 horas consumindo bebidas de todo tipo.

I.9.- Mediante parte de servizo de 18.10.2008, a Policía Local informaba que nas inmediacións da rúa Joaquín Loriga concéntranse na vía pública gran cantidade de persoas de xeito continuo, especialmente as noites dos xoves, vernes e sábados, consumindo alcohol e outras bebidas. Constatan que ditas concentracións ocasionan numerosas molestias á vecindade, tales como abandono de residuos sólidos urbanos na vía pública (botellas, plásticos ...), desperfectos varios (grafitis...), suciedade nas beirarrúas (restos de alcohol ...), etc.

I.10.- Mediante parte de servizo de 26.10.2008, a Policía Local informaba que un grupo de xóvenes, practicantes do botellón na zona, desprazaron o vehículo propiedade do denunciante Don Ramón Javier Fernández Samaniego ao medio da rúa Ecuador, á altura do colexio Enseñanza.

I.11.- Con rexistro de entrada 06.11.2008, docum. nº 80139907, Don Jacobo Toujeiro Sierto e Dona María Tourón Figueroa Porto, actuando en representación dos vecinos afectados polo ruído do ocio nocturno da rúa Joaquín Loriga e das súas inmediacións, reiteraban denuncia con relación á penosa situación que veñen sufrindo desde fai anos a consecuencia do botellón. Adxuntan mais de oitocentas firmas demandando unha pronta solución á problemática denunciada que ven vulnerando os seus dereitos fundamentais.

I.12.- Mediante parte de servizo de 06.12.2008, a Policía Local informaba sobre o feito de que é costume nalgúns xóvenes practicantes do botellón orinar nos accesos dos garaxes sitos na rúa Ecuador.

I.13.- Co obxecto de solucionar a problemática derivada do fenómeno do botellón, o Pleno do Concello de Vigo, unha vez observada a tramitación pertinente, na sesión plenaria ordinaria celebrada o 30.03.2009, acordaba aprobar definitivamente a Ordenanza Municipal reguladora da convivencia cidadá e o ocio do termo municipal de Vigo (exp. adm nº 75607/210/2008).

Conforme ao establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, esta Ordenanza entrará en vigor aos quince días da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

II. NORMATIVA APLICABLE:

- Constitución Española de 27.12.1978.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e demais disposicións regulamentarias.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.
- Lei 14/1986, de 25 de abril, xeral de sanidade.
- Lei 2/1996, de 8 de maio, sobre drogas de Galicia.
- Lei orgánica 1/1992, de 21 de febreiro, de protección da seguridade cidadá.
- Lei orgánica 9/1983, de 15 de xullo, reguladora do dereito de reunión.
- Lei 10/1998, de 21 de abril, de residuos.
- Lei 10/2008, de 3 de novembro, de residuos de Galicia.
- Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído e demais disposicións regulamentarias.
- Lei 7/1997, de 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica de Galicia e demais disposicións regulamentarias.
- Lei 13/2006, de 27 de decembro, reguladora dos horarios comerciais de Galicia.
- Ordenanza Municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións (BOP nº 198, de 16.10.2000).

III.- FUNDAMENTOS DE DEREITO:

A utilización masiva dos espazos públicos como lugares de diversión xuvenil para o encontro e o ocio, mediante o coñecido “botellón”, constitúe un fenómeno social de moda que, en moitos casos, é fonte de diferente problemática que incide no normal desenvolvemento da convivencia cidadá.

Partindo da consideración, segundo consta na Ordenanza Municipal reguladora da convivencia cidadá e o ocio (O.M.C.O), de que estas concentracións de persoas na vía pública son unha expresión do dereito fundamental de reunión establecido no artigo 21 da C.E, débese lembrar a importante S.T.C 42/2000, de 14 de febreiro, onde o Tribunal Constitucional, unha vez máis, manifesta que o dereito de reunión non é un dereito absoluto e ilimitado, senón que de igual xeito que outros dereitos fundamentais, ten límites. Nesta liña, a exposición de motivos da O.M.C.O establece que o dereito de reunión ten o seu límite no respecto doutros dereitos constitucionais como son o dereito á intimidade persoal e familiar (art. 18 C.E), o dereito á liberdade de circulación (art. 19 C.E), o dereito á salubridade e saúde pública, especialmente dos menores (art. 43 C.E), o dereito a disfrutar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa (art. 45 C.E) e mailo dereito a una vivenda digna e adecuada, libre de ruídos (art. 47 C.E).

Considerando que a Lei 2/1996, de 8 de maio, sobre drogas de Galicia, non prohibe o consumo de alcohol na vía pública, a O.M.C.O establece un sistema para prohibir a permanencia e concentración das persoas en espazos abertos do termo municipal de Vigo que se atopen consumindo bebidas de calquera tipo ou realizando outras actividades, cando alteren gravemente a pacífica convivencia cidadá.

É un órgano colexiado, tal é a Xunta de Goberno Local, quen determine, con celeridade e motivadamente, ao abeiro do disposto no art. 6 da O.M.C.O, cando as actividades ás que se refire o art. 5.1) da Ordenanza alteran gravemente a convivencia cidadá. Deste xeito considerárase alterada gravemente a convivencia cidadá, cando concorran varias das seguintes CIRCUNSTANCIAS:

A.- Alto número de persoas concentradas nos espazos abertos. O elevado número de persoas estará en relación coa superficie do espazo e mailo número de vivendas existentes no entorno.

B.- As concentracións terán carácter continuado no tempo, non considerándose as concentracións de persoas ocasionais ou puntuais.

C.- Existencia de reiteradas queixas cidadás, denunciando as molestias derivadas de ditas concentracións.

D.- Existencia de actos vandálicos producidos na zona que ocasionasen danos en bens públicos ou privados.

E.- Informes municipais constatando a contaminación derivada da masiva concentración de persoas (contaminación acústica, problemas hixiénicos-sanitarios ou situacións de insalubridade).

Considerando os fundamentos expostos, e partindo da consideración que non existe normativa autonómica ou estatal que prohiba o consumo de alcohol na vía pública, o Concello de Vigo optou no exercicio da súa potestade regulamentaria pola limitación do dereito fundamental de reunión naqueles supostos onde se constate a vulneración doutros dereitos constitucionais.

IV.- ALTERACIÓN GRAVE DA CONVIVENCIA CIDADÁ NA RÚA JOAQUÍN LORIGA E NAS SÚAS INMEDIACIÓNS:

Durante a tramitación do presente expediente téñense acreditado as seguintes CIRCUNSTANCIAS:

A.- Que na rúa Joaquín Loriga e nas súas inmediacións vense producindo desde fai anos unha alta concentración reiterada de persoas, aproximadamente 900 ou 1.000, segundo consta nos partes de servizo da policía local de datas 30.12.2007, 11 e 13.10.2008, consumindo bebidas de calquera tipo e realizando outras actividades, alterando gravemente a pacífica convivencia.

B.- Resulta probado que estas concentracións teñen carácter continuado no tempo:

Prodúcese de forma continuada desde o ano 2006 aproximadamente. Así as cousas, a instancia do Valedor do Cidadán, "G.O.C, S.A", empresa homologada pola Xunta de Galicia para realizar medicións acústicas e vibratorias e acreditada por ENAC para realizar inspeccións de ruído ambiental, procedeu en outubro de 2006 a avaliar a variación dos niveis sonoros nocturnos de

inmisión existentes nunha vivenda da referida zona ruidosa, producida polo ruído de ocio derivado da aglomeración de persoas concentradas na vía pública.

C.- Existencia de reiteradas queixas cidadás denunciando as molestias derivadas de ditas concentracións:

Tráese a colación a denuncia presentada por Dona María Carlota Nogueira De Abreu, actuando en representación dos vecinos afectados polo ruído do ocio nocturno da rúa Joaquín Loriga e das súas inmediacións, con rexistro de entrada 23.05.2007, docum. nº 70061896. Asemade, con rexistro de entrada 10.04.2008, docum. nº 80043088, Don Jacobo Toujeiro Sierto e Dona María Tourón Figueroa Porto, actuando en representación dos vecinos afectados polo ruído do ocio nocturno da rúa Joaquín Loriga e das súas inmediacións, presentaban escrito denunciando a penosa situación que veñen sufrindo dende marzo de 2005 a consecuencia do botellón e asemade solicitan a adopción de medidas urxentes para combatir o mesmo. E de novo, con rexistro de entrada 06.11.2008, docum. nº 80139907, Don Jacobo Toujeiro Sierto e Dona María Tourón Figueroa Porto, actuando en representación dos vecinos afectados polo ruído do ocio nocturno da rúa Joaquín Loriga e das súas inmediacións, reiteraban denuncia con relación á penosa situación que veñen sufrindo desde fai anos a consecuencia do botellón. Adxuntan mais de oitocentas firmas demandando unha pronta solución á problemática denunciada que ven vulnerando os seus dereitos fundamentais.

D.- Existencia de actos vandálicos producidos na zona ocasionando danos en bens públicos e privados:

É un feito probado que en ocasións os asistentes ao botellón, segundo consta nos partes de servizo obrantes no expediente elaborados pola Policía Local, causan danos ao patrimonio municipal (por ex. papeleiras e contenedores rotos...), así como no patrimonio privado (ex. realizan pintadas de grafitis nas paredes dos inmobles, desprazamento de vehículo ao medio da calzada ...).

E.- Resulta acreditada a diversa contaminación derivada da masiva concentración de persoas (contaminación acústica, problemas hixiénicos-sanitarios, situacións de insalubridade e abandono de residuos sólidos urbanos na vía pública).

Consta no expediente informe de resultados elaborado por “G.O.C, S.A” sobre a variación dos niveis sonoros nocturnos de inmisión existentes nunha vivenda da zona, producida polo ruído de ocio derivado da aglomeración de persoas concentradas na vía pública. Tense acreditado que as noites nas que se celebra botellón na zona supéranse en 14,5 dB(A) os valores máximos permitidos no ambiente interior pola ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións (Vid. Táboa 2 do anexo á Ordenanza).

Polo exposto, resulta acreditado no presente expediente que na rúa Joaquín Loriga e nas súas inmediacións vense producindo desde fai anos unha masiva concentración reiterada de persoas que altera gravemente a pacífica convivencia cidadá, considerada como tal nos termos previstos no artigo 6 da Ordenanza Municipal reguladora da convivencia cidadá e o ocio.

Co obxecto de garantir os dereitos constitucionais á intimidade persoal e familiar (art. 18 C.E), o dereito á liberdade de circulación (art. 19 C.E), o dereito á salubridade e saúde pública, especialmente dos menores (art. 43 C.E), o dereito a disfrutar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa (art. 45 C.E) e mailo dereito a una vivenda digna e adecuada, libre de ruídos

(art. 47 C.E), o Concello de Vigo establece a prohibición da permanenza e concentración das persoas nos espazos abertos do termo municipal de Vigo, que a continuación se concretan, que se atopan consumindo bebidas de calquera tipo ou realizando outras actividades alterando gravemente a pacífica convivencia cidadá.

Declaranse como zonas protexidas as seguintes rúas e tramos de rúas:

- A rúa Ecuador no seu tramo comprendido entre as rúas Simón Bolívar e Finisterre.
- A rúa Venezuela no seu tramo comprendido entre as rúas Simón Bolívar e Finisterre.
- A rúa Simón Bolívar no seu tramo comprendido entre as rúas Ecuador e Venezuela.
- A rúa Panamá no seu tramo comprendido entre as rúas Ecuador e Venezuela.
- A rúa Joaquín Loriga no seu tramo comprendido entre as rúas Ecuador e Venezuela.
- A rúa Finisterre.

V.- ENTRADA EN VIGOR DO PRESENTE ACORDO:

Na data actual a Ordenanza Municipal reguladora da convivencia cidadá e o ocio do termo municipal de Vigo, aprobada por acordo plenario de 30.03.2009, aínda non ten entrado en vigor.

Ao abeiro do establecido na disposición final segunda da Ordenanza, e de conformidade co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, este regulamento entrará en vigor aos quince días seguintes da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Considerando que na actualidade ten sido remitida dita Ordenanza á Diputación Provincial (Imprenta do BOP) para publicación, referencia de envío 1/5 de 01.04.2009, feito que acontecerá nos vindeiros días, condiciónase a eficacia deste acordo á entrada en vigor da devandita Ordenanza.

Nesta liña o artigo 57 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, dispón que os actos das Administracións Públicas suxeitos ao dereito administrativo presúmense válidos e producen efectos desde a data na que se dicten, agás que neles se dispoña outra cousa, poidendo quedar demorada a súa eficacia segundo establece o artigo 57.2 da LRXPAC 30/1992.

Deste xeito condiciónase a eficacia deste acordo á entrada en vigor da Ordenanza Municipal reguladora da convivencia cidadá e o ocio do termo municipal de Vigo aprobada por acordo plenario de 30.03.2009.

PROPOSTA DE ACORDO PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Á vista dos feitos e fundamentos de dereito expostos, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar, ao abeiro do establecido no artigo 6 en relación co artigo 5.1 da Ordenanza Municipal reguladora da convivencia cidadá e o ocio do termo municipal de Vigo, como zonas protexidas as seguintes rúas e tramos de rúas:

- A rúa Ecuador no seu tramo comprendido entre as rúas Simón Bolívar e Finisterre.
- A rúa Venezuela no seu tramo comprendido entre as rúas Simón Bolívar e Finisterre.
- A rúa Simón Bolívar no seu tramo comprendido entre as rúas Ecuador e Venezuela.
- A rúa Panamá no seu tramo comprendido entre as rúas Ecuador e Venezuela.
- A rúa Joaquín Loriga no seu tramo comprendido entre as rúas Ecuador e Venezuela.
- A rúa Finisterre.

SEGUNDO: Prohibir con carácter xeral, as 24 horas do día e tódolos días da semá, a permanenza e concentración de persoas nestes espazos abertos que se atopen consumindo bebidas de calquera tipo ou realizando outras actividades alterando gravemente a pacífica convivencia cidadá.

TERCEIRO: Sinalizar verticalmente a zona declarada como protexida.

CUARTO: De conformidade co artigo 86 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, someter o expediente nº 76157/210/2009 a información pública por un prazo de 20 días mediante anuncio publicado no BOP e exposición no taboleiro de edictos do Excmo. Concello de Vigo, para quen se considere afectado dalgún xeito polo presente acordo poida alegar o que considere oportuno. O prazo de información pública entenderase aberto dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP e rematará transcorridos vinte días hábiles do mesmo.

O expediente atópase a disposición do público en xeral e pódese consultar na Área de Mobilidade, Transportes e Seguridade (sita no Sóto 1º da Casa do Concello, Praza do Rei s/n, Vigo).

QUINTO: Declarar que, de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional da Xunta de Goberno Local, debéndose publicar no BOP segundo establecido no artigo 59.6.a) da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, entrando en vigor ao día seguinte da devandita publicación.

SEXTO: Condicionar a eficacia deste acordo á entrada en vigor da Ordenanza Municipal reguladora da convivencia cidadá e o ocio do termo municipal de Vigo aprobada por acordo plenario de 30.03.2009.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local decidirá, co seu superior criterio, o que estime oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(531).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO CAMPIONATO DE ESPAÑA DE DUATLÓN ELITE SUB-23 E GRUPOS DE IDADE 2009-VIGO. EXPTE. 8449/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, 30.03.09, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar a Concellería de Deportes xunto a Federación Galega de Triatlón e Péntatlon Moderno, a organizar o CAMPEONATO DE ESPAÑA DE DUATLON ELITE SUB-23 E GRUPOS DE IDADE 2009-VIGO” ditas probas comenzarán o sábado 25 de abril ás 15.00 horas e rematará ás 18.30 horas e o domingo 26 de abril, comenzará as 10.00 horas e rematará ás 14.15 horas aproximadamente; a proba do sábado 25 de abril conta con 3 sectores sendo o primeiro unha carreira que consistirá en 10 Km a pé, o segundo sector de 40 Km de carreira en bicicleta e o terceiro de unha carreira a pé de 5 Km, e a proba do domingo 26 de abril, será do primeiro sector dunha carreira a pé de 10 Km, a segunda dunha carreira en bicicleta de 40 Km, e o terceiro sector dunha carreira a pé de 5 Km.

11(532).- RECTIFICACIÓN DO ACORDO DA X.GOBERNO DO 27.03.09 QUE APROBA A RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO ORGANISMO AUTÓNOMO IMD. EXPTE. 8531/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 13.10.09, conformado polo presidente do IMD, que di o seguinte:

De conformidade con o disposto no art. 105.2 da Lei 30/1992 de 26 de diciembre, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e administrativo común, propónse a Xunta de Goberno Local, a retificación do acordo de data 27 de marzo de 2009.

Visto o anterior, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a seguinte relación de postos de traballo-exercicio 2009- do Organismo Autónomo do Instituto Municipal do Deportes.

ORGANISMO AUTÓNOMO “INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES” DE VIGO

DENOMINACION	DOT	RL	GR	CD	CE
DIRECTOR DEPORTIVO-XEFE UNID. TEC.DEP	1	INDEF.	A	26	11
DIRECTOR TECNICO	1	INDEF.	A	26	11
COORDENADOR DEPORTIVO TECNICO	1	INDEF.	A	26	11
ADMINISTRATIVO	3	INDEF.	B	25	17 1 vacante
TECNICO MENTEMENTO SIST. INFORMATICOS	1	INDEF.	C1	18	93 1 vacante
XEFE MANTEMENTO INSTALACIONES	1	INDEF.	C2	18	140 1 vacante
ADXUNTO COORDENADOR	1	INDEF.	C2	18	91
XEFE UNIDADE MANTENIMENTO E TALLER	1	INDEF.	C2	18	92
CONSERXE RESPONSABLE INSTALACION	3	INDEF.	C2	18	91
OFICIAL DE MANTENIMENTO	11	INDEF.	C2	16	90
OFICIAL DE INSTALACIÓN	15	INDEF.	C2	15	156 2 vacante
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	2	INDEF.	C2	16	166
AXUDANTE DE MANTENIMENTO	14	INDEF.	E	14	158
LIMPADORA	1	INDEF.	E	14	158

PRAZAS PERSOAL LABORAL FIXO

PRAZAS PRESUPOSTARIAS	Nº	TITULACION ESIXIDA
TECNICO EDUCACION FISICA	3	A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO A
TÉCNICO EDUCACIÓN FÍSICA	1	A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO A2
ADMINISTRATIVO	3	A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO C1
TECNICO MENTEMENTO SIST. INFORMATICOS	1	A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO C1
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	2	A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO C2
ENCARGADO XERAL	1	A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO C2
ADXUNTO COORDENADOR	1	A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO C2
CAPATAZ	1	A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO C2
OFICIAL DE MANTENIMENTO	11	A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO C2

OFICIAL DE INSTALACION
AXUDANTE DE MANTEMENTO
OPERARIO

18

A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO C2
14 A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO E
1 A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO E

57

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(533).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA DESTINADA A FAVORECER E DINAMIZAR O COMPROMISO COA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DE MULLERES E HOMES. EXPTE. 3903/224.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 8.04.09, conformado pola concelleira de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a solicitude de subvención ao abeiro da Orde do 18 de marzo de 2009, da Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia, pola que se convocan subvencións destinadas a favorecer e dinamizar o compromiso coa igualdade de oportunidades de mulleres e homes, por un importe de 6.000 €, contía máxima establecida na convocatoria.

13(534).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 23.762,41 € A FAVOR DE SIMCO S.L. EN CONCEPTO DE MANTEMENTO DOS PARQUES FORESTAIS DE VIGO. EXPTE. 4526/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 7.04.09, e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro de Montes, do 1.04.09, conformado pola concelleira-delegada de Montes, Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar unha indemnización substitutiva a favor da empresa Simco S. L. polo mantemento dos Parques Forestais de Vigo durante o mes de marzo de 2009, por importe de 23.762,41 €.

2º.- Recoñecer a obriga a favor da empresa Simco S. L. por un importe de 23.762,41 € como consecuencia do mantemento dos Parques Forestais de Vigo e con cargo a partida orzamentaria 4326.210.00.01.

14(535).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONSORCIO DO CASCO VELLO PARA UN PROGRAMA DE REHABILITACIÓN DE FACHADAS E CUBERTAS NO ÁMBITO DO CASCO VELLO. EXPTE. 4781/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 31.03.09, o informe de Intervención Xeral do 9.04.09, e de acordo co informe-proposta da xefa de Patrimonio

Histórico, do 28.01.09, conformado pola delegada da Área de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do Convenio de Colaboración co Consorcio do Casco Vello de Vigo para un programa de rehabilitación de fachadas e cubertas no ámbito do Casco Vello.

2º.- Aprobar o gasto de **135.000 euros**, con cargo á partida **4531.7670000** do vixente orzamento xeral do Concello, cantidade correspondente á aportación económica municipal a dito Convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CONSORCIO DO CASCO VELLO DE VIGO PARA UN PROGRAMA DE REHABILITACIÓN DE FACHADAS E CUBERTAS NO ÁMBITO DO CASCO VELLO.

En Vigo a _____ a _____.

R E U N I D O S

Dunha parte D. Xesus López Carreira, Concelleiro Delegado da Área de Patrimonio Histórico do Concello de Vigo.

Doutra D. Santiago Domínguez Olveira, Presidente do Consorcio do Casco Vello de Vigo.

D. Xesus López Carreira intervén como representante legal do Concello de Vigo, en virtude do disposto na Resolución de Alcaldía de 13 de abril de 2009, e no artigo 21 da Lei 7/1985.

D. Santiago Domínguez Olveira, intervén igualmente como representante legal do Consorcio do Casco Vello de Vigo, en virtude do disposto no artigo 12 dos seus estatuto e no 21 da Lei 7/1985.

E X P O Ñ E N

Primeiro.- Segundo a lexislación vixente en materia de réxime local e dentro dos seus respectivos ámbitos territoriais, os concellos teñen atribuídas competencias para levar a cabo a promoción de toda clase de actividades e a prestación de tódolos servizos que contribúan a satisfacer as necesidades da colectividade veciñal. En particular, ostentan competencias –nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas- en materia de promoción e xestión de vivendas, e patrimonio histórico artístico (Arts. 25.2 apdos.d) e e) LRBRL e 80.2 apdos. d) e e) LALGA).

O Concello de Vigo é a institución que asume no municipio as competencias que a lexislación de Réxime Local establece en materia de vivenda.

Segundo.- O Consorcio do Casco Vello de Vigo, segundo se indica no seus estatutos, é unha Entidade Local de Dereito Público de carácter asociativo, dotada de personalidade xurídica independente da dos seus membros, patrimonio propio, administración autónoma e tan ampla capacidade xurídica de dereito público e de dereito privado como requira a realización dos seus fins que ten por obxecto articula-la cooperación económica, técnica e administrativa entre as

Administracións consorciadas a propósito de exercer de forma conxunta e coordinada os fins que lle son propios en orde a levar a cabo, de acordo coas previsións do Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI) do Casco Vello de Vigo, unha serie de actuacións e intervencións que contribúan ó proceso de recuperación da súa “Área de Rehabilitación Integrada” (ARI), mediante a adquisición de terreos, ou mediante a adquisición de construcións para a súa posterior rehabilitación.

O Consorcio, para a execución do fin sinalado, está facultado para captar cantos recursos económicos sexan necesarios para a financiamento das actividades e plans propios do Consorcio.

Terceiro.- A vista dos fins e competencias de ambas institución, resulta de interese común a revitalización do Casco Vello da cidade para evitar tanto o deterioro dalgúns inmobles que son parte do patrimonio inmobiliario da cidade, coma a súa negativa incidencia na calidade ambiental do espacio habitado.

Unha das formas de acadar este obxectivo e a aprobación dun programa encamiñado a axudar á iniciativa privada para evitar o punto irreversible da ruína, incentivando a conservación e mellora de barrios e centros urbanos, antes que a súa demolición-reconstrución.

Nesta liña, o Concello de Vigo ven, dende hai anos, aprobando programas de rehabilitación de fachadas e mellora do medio urbano. Ditos programas alcanzan o Casco Vello de Vigo.

A necesidade do programa reforzase se se ten en conta a especial situación na que se encontra o Casco Vello, a aprobación definitiva do seu planeamento especial, así como a súa declaración como Conxunto Histórico-Artístico.

Así as cousas e tendo en conta que nos estatutos do Consorcio do Casco Vello de Vigo, se establece que o consorcio procurará en todo momento a coordinación das súas actuacións coa Administración municipal do Concello de Vigo e cos órganos competentes da Administración da comunidade autónoma en materia de vivenda ou cos organismos autónomos ou entes públicos dependentes ou vinculados a estas administracións, todo iso co fin de lograr a maior coherencia e eficiencia nas actuacións que leven a cabo, ámbalas administracións pretenden coordinar os seus esforzos en materia de rehabilitación a través dun programa de axudas para incentivar a seguridade e ornato de edificacións que se atopan no Casco Vello, compensando así economicamente a carga engadida que para os propietarios dos inmobles supoñen os distintos graos de catalogación e logrando a mellora da imaxe urbana e o valor desta zona histórica da cidade.

ESTIPULACIÓNS

Primeira. OBXECTO.-

O presente convenio ten por obxecto financiar un programa de axudas para tratamento de fachadas, paredes medianeiras, cubertas e elementos singulares dos inmobles de interese histórico, arquitectónico ou paisaxístico que se atopan na Área de Rehabilitación o Casco Vello de Vigo, compensando así economicamente a carga engadida que para os propietarios dos inmobles supoñen os distintos graos de catalogación e logrando a mellora da imaxe urbana e o valor desta zona histórica da cidade.

Segunda. RÉXIME XURÍDICO.-

As axudas outorgada mediante o citado programa, a convocatoria, a tramitación do expediente de concesión, o procedemento de selección, o réxime de outorgamento, as obrigas do beneficiario e as causas da súa extinción rexeranse:

- a) Lexislación básica do Estado, Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e Regulamento que a desenvolve.*
- b) Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*
- c) Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia*

Terceira. VIXENCIA.

A vixencia do presente convenio, comezará o día da súa sinatura e estenderase ata o día 31 de decembro de 2009, prazo que poderá ser prorrogado mediante acordo das partes, durante a vixencia do mesmo, de existir razóns suficientes que xustifiquen a mesma.

Cuarta. OBRIGAS DO CONCELLO.

A contribución do Concello de Vigo, con cargo ós seus orzamentos, ó financiamento do programa obxecto deste convenio consistirá na aportación de cento trinta e cinco mil euros (135.000 €), con cargo á partida 4531.7670000 do vixente orzamento xeral do Concello.

O aboamento da aportación farase ao longo da vixencia do presente convenio e, en calquera caso, a medida en que sexa necesario para aboar as axudas outorgadas, previa solicitude do Consorcio e achegando a tales efectos relación certificada das axudas concedidas para as que se insta a efectividade da aportación económica municipal.

O Concello de Vigo, reservase a facultade de supervisión dos proxectos e o desenvolvemento das obras.

Quinta. OBRIGAS DO CONSORCIO.

O Consorcio do Casco Vello de Vigo, actuará en calidade de ente xestor, promovendo as actuacións no ámbito considerado, determinando un procedemento de distribución dos recursos que asegure os principios de obxectividade concorrencia e publicidade, garantindo a transparencia das actuacións administrativas, xestionando e canalizando as axudas procedentes do Concello de Vigo.

A tal efecto o Consorcio tramitará e aprobará as bases e a convocatoria que rexerán o procedemento de outorgamento de subvencións para os fins expresados.

O Consorcio, antes do 15 de decembro de 2009, deberá xustificar ante o Concello de Vigo a aplicación dos fondos aportados ó programa que motiva o presente convenio, facilitando a relación de beneficiarios que foron obxecto das axudas, así como a copia das xustificacións a éstos concedidas. O Concello poderá ampliar en casos xustificados o prazo de xustificación das devanditas axudas.

A eventual anulación dunha/s axuda/s concedida e/ou xustificada da que se teña feita efectiva a aportación económica municipal, dará lugar, no seu caso, o reintegro do importe correspondente o Concello.

Sexta. PUBLICIDADE.

A participación das entidades que asinan o presente Convenio deberá facerse constar en toda a información pública que se edite e, en particular, nos carteis exteriores descriptivos das obras.

Sétima. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

En orde ó seguimento das actuacións do presente convenio crease a Comisión Bilateral de Seguimento composta por un representante de cada unha das institucións asinantes, nomeados para o efecto polo Sr. Alcalde Do Concello de Vigo e polo Sr. Presidente do Consorcio do Casco Vello de Vigo.

Oitava. EXITINCIÓN.

O presente Convenio extinguirase por resolución e por conclusión ou cumprimento do mesmo.

Serán causas de resolución:

1.O incumprimento dalgúns dos pactos contidos no presente documento.

O mútuo acordo das partes.

Calquera outras que, se é o caso, fosen de aplicación de acordo coa lexislación vixente.

O incumprimento das actuacións inversoras previstas no presente Convenio darán lugar á devolución das cantidades aportadas polas respectivas Administracións.

Novena. RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO.

Ó presente Convenio non lle será de aplicación a lexislación de Contratos do Estado, conforme ó disposto no artigo 4.c da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, coas salvidades, contidas no apartado 2 do mesmo artigo, no tocante á dos seus principios para resolve las dúbidas ou lagoas que se puideran presentar.

Décima. XURISDICCION COMPETENTE.

As partes asinantes acordan o sometemento á xurisdición a contencioso-administrativa para resolver as, discrepancias que poidan xurdir en aplicación do presente convenio.

E en sinal de conformidade, asínase o presente convenio, en triplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

15(536).- AUTORIZACIÓN PARA A COLOCACIÓN DUNHA LONA NO FRONTAL DA CASA DO CONCELLO CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO FESTIVAL DE JAZZ IMAXINA SONS. EXPTE. 11562/331.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Xestión da Programación, do 17.04.09, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animaición Sociocultural, que di o seguinte:

O concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, resolveu con data 17 de abril de 2009 que polo departamento de Cultura se inicie o expediente necesario para autorizar a colocación dunha lona no dintel situado sobre a porta principal no frontal de acceso á Casa do Concello, con motivo da celebración do Festival de Jazz Imaxina Sons, entre o 15 de xuño e o 8 de xullo de 2009.

Un ano máis, e por quinto ano xa, o departamento de Cultura está a organizar a celebración do Festival de Jazz Imaxina Sons, que terá lugar na nosa cidade entre o 25 de xuño e o 5 de xullo de 2009.

En anos anteriores a lona se colocou no lado esquerdo da fachada, zona que este ano estaría deshabilitada para este fin por estar a realizarse as obras de remodelación do Auditorio Municipal.

A proposta de colocación da lona no lugar proposto ven dada xa que na Praza do Rei celébranse concertos dentro deste festival. Asemade, trátase dun lugar fundamental e privilexiado, dado o alto número de cidadáns que se achegan a diario á Casa do Concello.

Á vista do exposto, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA.-

Autorizar a colocación dunha lona no dintel situado sobre a porta principal no frontal de acceso á Casa do Concello, con motivo da celebración do Festival de Jazz Imaxina Sons, entre o 15 de xuño e o 8 de xullo de 2009.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(537).- CONTRATACIÓN INTERINA DE CUATRO DIPLOMADOS EN TRABAJO SOCIAL. EXPTE. 18936/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 16.04.09, dáse conta do informe-proposta do técnico de Planificación e Organización de Recursos Humanos, do 14.04.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Antecedentes:

No Cadro de Persoal Municipal e na Relación de Postos de Traballo correspondente ó presente ano 2009, aprobado polo Pleno da Corporación na súa sesión de 22 de decembro de 2008 e na Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 21 de xaneiro de 2009, respectivamente, publicada ésta última no BOP de 18 de marzo pasado, figuran vacantes, entre outras, cinco prazas de Diplomado/a en Traballo Social, con posto de igual denominación no Servizo de Benestar Social, que son necesarias cu-

brir para garanti-lo normal funcionamento do Servizo de Benestar Social, tal e como se reflexa no escrito de data 4 de febreiro de 2009, asinado pola Xefe da referida Area.

O concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a través de instrucción de servizo de data 13 de abril actual, autorizou o nomeamento interino de catro das cinco prazas vacantes de diplomadas/os en traballo social dacordo o previsto no artigo 10.1.a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, dada a carga de traballo orixinada pola entrada en vigor da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e a atención a persoas en situación de dependencia.

Na derradeira Oferta de Emprego Público convocada por este concello, incluíronse sete prazas de Diplomado/a en Traballo Social, quedando un total de quince aspirantes, que tendo aprobados tódolos exercicios da oposición non obtiveron praza, segundo previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, pero que posteriormente foron nomeadas interinamente por acumulación de tarefas, nalgún caso ou ben renunciaron a posibilidade de se-lo.

As aspirantes integrantes da referida lista Dª. Silvia Martínez Guede, DNI 36.1242.885-H, Dª. Paula Gómez Figueiro, DNI 77.000.390-R, Dª. Azucena Malvido Rodríguez, DNI 78.739.579-E, e Dª. Angela García Martín, DNI 07.850.781-F, que figuran nas posicións nºs 1, 2, 3 e 4 da devandita lista, que foran nomeadas funcionarias interinas por acumulación de tarefas (art. 10.1.d) da Lei 7/2007 EBEP, unha vez rematada a súa relación contractual con Concello (o pasado día 7 de marzo de 2009 no caso das aspirantes nºs 1, 2 e 4, e, con data 9 de abril de 2009, no que respecta a aspirante nº 3), volveron a recuperar a súa posición na referida lista de substitucións, de conformidade coas “Normas reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución da derradeira oferta de emprego público, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 3 de marzo de 2008 e publicadas no BOP de 11 de abril seguinte, polo que lles corresponde o dereito a ser novamente nomeadas.

En base ó anterior e, os efectos de proceder a cobertura interina das referidas prazas, foron requiridas as aspirantes Dª. Silvia Martínez Guede, DNI 36.1242.885-H, Dª. Paula Gómez Figueiro, DNI 77.000.390-R, Dª. Azucena Malvido Rodríguez, DNI 78.739.579-E, e Dª. Angela García Martín, DNI 07.850.781-F, aceptando expresamente todas elas, mediante escritos de datas 4 e 14 de abril de 2009, optar ao referido nomeamento interino, segundo o disposto no art. 10.1 a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, ata que se resolva a súa cobertura definitiva a traves das probas selectivas correspondentes a oferta de emprego público correspondente o ano 2009 ou, senón se convocase, na primeira oferta de emprego público que se convoque, nos termos dispostos na lexislación vixente en materia de acceso ao emprego público (Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando todas elas, nesta Unidade de Persoal os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

Fundamentación xurídica

Consonte ao artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE Nº 89, do venres 13 de abril do 2007) os funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando se dé algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun periodo de doce meses (apartado d) e, a existencia de prazas vacantes

cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a). A selección de funcionarios interinos haberá de realizarse mediante procedementos áxiles, que respetarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza a praza. Dito nomeamento será revocado, ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, dacordo co art. 10 apartado 3, neste caso cando a praza que desempeñe interinamente sexa provista polo procedemento legalmente establecido.

O cesamento dos funcionarios interinos producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademais de polas causas consignadas no artigo 63. Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

Os funcionarios interinos deberán reunir, en todo caso, os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira.

Asemade, e segundo o disposto no artigo 23.2 da Lei 2/2008, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2009, non se procederá a contratación temporal nin o nomeamento de funcionarios interinos do artigo 10.1 da Lei 7/2007, salvo en casos excepcionales e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, como é o caso.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto cód. 81 da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 21 de xaneiro de 2009 e publicada no BOP de 18 de marzo de 2009).

Asi mesmo, o artigo 10.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos axiles que respetarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

De conformidade co disposto no apartado “Outras disposicións comúns” das bases xerais publicadas no BOP de 9 de xuño de 2006, e DOGA de 21 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2005, “os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarían parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.

Consecuentemente, deben entenderse cumprimentados e darse por respetados os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamentos propostos en rexime de interinidade, xa que as citadas candidatas superaron os exercicios da oposición para a cobertura de prazas de traballador/a social na derradeira oferta de emprego público convocada por éste concello.

Por isto, de conformidade co disposto no artigo 127.1.h, da Lei 7/1985, do 2 de Abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, o Técnico de Organización que subscribe, coa conformidade da xefatura da Área de Réxime Interior, propón á Xunta de Goberno Local, previa informe de fiscalización da Intervención Xeral, a aprobación da seguinte,

PROPOSTA:

“Primeiro.- Declara-la urxencia para proceder á cobertura interina de catro vacantes de Diplomado/a en Tráballo Social, Escala Administración Especial, Subescala Técnica, Clase; Media, dacordo co artigo 10.1.a), da Lei 7/2007, do 12 de abril (EBEP), xustificada nas necesidades de efectivos do Servizo de Benestar Social contida no escrito de data 4 de febreiro de 2009.

Segundo.- Nomear funcionarias interinas con cargo ás referidas prazas vacantes de Diplomado/a en Tráballo Social a D^a. Silvia Martínez Guede, con DNI 36.1242.885-H, D^a. Paula Gómez Figueiro, con DNI 77.000.390-R, D^a. Azucena Malvido Rodríguez, DNI 78.739.579-E e, D^a. Angela García Martín, con DNI 07.850.781-F, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios do proceso de selección de persoal na derradeira oferta de emprego público convocada por éste Concello.

Os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no artigo 10.1.a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público, extingúndose automaticamente a condición de funcionario/a interino/a no momento en que se cubran definitivamente as prazas ás que se adscriban as interesadas, previa resolución do procedemento selectivo competitivo e público a incluír na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2009, ou, senón se convocase, na primeira oferta de emprego que se convoque, nos termos dispostos na lexislación vixente en materia de acceso ao emprego público (Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(538).- BASES PARA A CONTRATACIÓN DUN MÉDICO PARA A UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO (CEDRO). EXPTE. 18922/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe técnico de Planificación e Organización de Recursos Humanos, do 2.04.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Acordar a CONTRATACIÓN DUN MEDICO ESPECIALISTA EN PSIQUIATRIA, para a Unidade Asistencia a Drogodependentes (CEDRO), en execución dos convenios de cooperación entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde (SERGAS) e ó Concello de Vigo, para o reforzo da atención sociosanitaria a drogodependentes da zona fronteiriza da Comunidade Galicia-Norte de Portugal, aprobando en consecuencia as bases de selección seguintes:

I.- BASES DE SELECCIÓN:

BASES PARA A CONTRATACIÓN DE UN MÉDICO PARA A UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO (CEDRO)

1.1.- CARACTERÍSTICAS XERAIS DA CONTRATACIÓN

Obxecto do contrato: Contratación dun médico especialista en psiquiatría, segundo os convenio de cooperación entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde (SERGAS) e o Concello de Vigo para o reforzo da atención sociosanitaria a drogodependentes da zona fronteiriza da Comunidade Galicia-Norte de Portugal e protocolo de compromisos que asumen para ó ano 2009 a Subdirección Xeral de Saúde Mental e o Concello.

Tipo de contrato: Contrato laboral-temporal por obra ou servizo determinado, a xornada completa, regulado no art. 15 do Estatuto dos Traballadores e RD 2720/1998, de 18 de decembro, artículo 2, sendo este contrato ó que se concerta para a realización de unha obra ou prestación do servizo determinados, con autonomía e sustantividade propia dentro da actividade da empresa e a execución do mesmo, aunque limitada no tempo é en principio de duración incerta.

Duración: 12 meses, prorrogables ata o remate da obra o servizo e, en todo caso, mentras persista a vixencia do/s protocolo/s citados e sen prexuício do disposto no artigo 15.5 do Real Decreto-Legislativo 1/1995, do 24 de marzo, do Estatuto dos Traballadores, en nova redacción dada polo Real Decreto –Lei 5/2006, de 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego, (BOE nº 141, do mércores 14 de xuño do 2006), en canto a prohibición legal do encadenamento de contratos laborais temporais.

Retribucións: As retribucións serán as establecidas nos convenios subscritos.

Importe retribucións brutas mensuales: 2.601.- €/mes, según convenio, mais duas pagas extras.

Publicidade: Inserción de anuncio na prensa de ámbito galego e norte de Portugal.

1.2.- CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES E ACREDITACIÓN DOCUMENTAL

Para seren admitidos/as á realización das probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos.

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.

b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas, sen prexuízo de que sexan admitidas as persoas con discapacidade en igualdade de condicións cos demais aspirantes, segundo o disposto na Disposición Adicional 19ª da Lei 30/84, na redacción dada pola Lei 53/03, de 10 de decembro.

c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 da Lei 7/2007.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. Asimesmo, non poderá atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

e) Estar en posesión da titulación que se fixe nas bases específicas ou estar en condicións de obtela, na data que remate o prazo de presentación de instancias.

No caso de equivalencia ou homologación deberá xustificarse con certificado expedido polo organismo competente para establecelas.

Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaranse con xerocopia compulsada do documento nacional de identidade ou pasaporte; o do apartado e) con xerocopia compulsada do título oficial legalmente expedido; o do apartado b) a través de certificado médico oficial, sen prexuízo de supera-lo oportuno recoñecemento médico, ou certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica; os do apartado d) mediante declaración xurada ao efecto.

En relación ao acceso ao emprego público de persoas con discapacidade, deberá acreditarse documentalmente tanto o grao de discapacidade esixido (igual ou superior ao 33%) como a compatibilidade da discapacidade co desenvolvemento das tarefas propias mediante copia compulsada da certificación expedida polo órgano competente da Administración Autonómica (Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar ou equivalente).

Os/as aspirantes deberán solicitar coa presentación da instancia a oportuna adaptación de tempos e medios para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación. Os tribunais poderán requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.

1.3.- CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS DA CONTRATACIÓN

1.3.1.- DURACIÓN DA CONTRATACIÓN

- 12 meses, prorrogable ata o remate da obra o servizo e, en todo caso, mentras persista a vixencia dos protocolos citados e sempre que non implique a superación do límite legal establecido polo RD Lei 5/2006, do 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego, vixente dende o 1 de xullo do 2006.

1.3.2.- POSTO DE TRABALLO

Médico especialista en psiquiatría para a Unidade Asistencial de Drogodependencias

1.3.3.- FUNCÍONS E PERFIL

1.3.3.1.- FUNCÍONS

Exercicio das súas funcións profesionais na Unidade Asistencial de Drogodependencias do Concello de Vigo

1.3.3.2.- PERFIL

Imprescindible:

Título de especialista en Psiquiatría o, no seu defecto, formación acreditada en saúde mental de, polo menos, 1 ano.

Valorarase:

*Formación específica en materia de drogodependencias
Experiencia clínica en unidades asistenciais de drogodependentes*

*Experiencia clínica noutros dispositivos asistenciais de drogodependentes
Experiencia clínica en dispositivos asistenciais de saúde mental
Coñecemento do Galego
Coñecemento do Portugués*

1.3.4.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

1.3.4.1.- CONCURSO DE MÉRITOS

Os/as candidatos/a interesados/ presentarán o seu Currículum acreditado segundo o punto 7º destas bases.

Para acreditar a experiencia laboral (e a formación impartida) presentarse orixinal da vida laboral, ademais de fotocopias compulsadas dos contratos de traballo/certificados de empresa. Se no contrato de traballo/certificado de empresa non se especifican claramente as funcións realizadas, achegarase unha certificación de funcións.

Para acreditar a formación recibida presentarse asimesmo fotocopias compulsadas do diploma do centro/entidade de impartición, con número de horas. Os cursos que non especifiquen o número de horas non serán valorados.

Baremaranse, unicamente, os currículums dos/as candidatos/as que reúnan o perfil considerado imprescindible. No caso de non presentarse á convocatoria un número suficiente de candidaturas apropiadas, a Comisión de Selección valorará, para cada caso, a posibilidade de reducir as características requeridas como imprescindibles.

Non se reclamará nin recollerá ningunha acreditación non presentada no prazo estipulado.

A puntuación máxima de este apartado será de 8 puntos.

A Comisión de Selección decidirá, cal é a mínima puntuación esixida no proceso de baremación do concurso de méritos para acceder ó exercicio práctico.

A partir da data de publicación dos resultados da baremación na páxina web (<http://www.vigo.org>) haberá tres días para solicitar aclaracións, mediante cita previa.

1.3.4.2.- EXERCICIO PRÁCTICO

Consistirá en contestar por escrito, nun tempo máximo de 2 horas a dous casos prácticos propostos pola Comisión de Selección.

Valoraranse a capacidade de análise, a claridade nas propostas de manexo, e o coñecemento dos procedementos asistenciais habituais.

Ó remate do exercicio, procederase á lectura pública do mesmo. Concluída a lectura, a Comisión de Selección poderá pedirlle ó aspirante calquera explicación complementaria que considere oportuna.

A puntuación máxima deste apartado será de 10 puntos.

1.3.4.3.- ENTREVISTA ANTE A COMISIÓN DE SELECCIÓN

A Comisión de Selección decidirá, cal é a mínima puntuación esixida no proceso de para acceder á entrevista.

A puntuación máxima da entrevista será de 3 puntos, que se sumarán á puntuación obtida no concurso de méritos e no exercicio práctico.

1.3.5.- CRITERIOS DE BAREMACIÓN

1.3.5.1.- CONCURSO DE MÉRITOS (máximo 8 puntos)

1.3.5.1.1.- Titulación (máximo, 1 punto):

Especialista en Psiquiatría: 1 punto

Licenciado en Medicina con formación acreditada en saúde mental: 0,1 puntos por ano (máximo 0,5 puntos)

1.3.5.1.2.- Experiencia laboral (máximo, 5 puntos):

En dispositivos asistenciais específicos de drogodependencias : 0,05 puntos por mes (ata un máximo de 4 puntos).

En dispositivos asistenciais de saúde mental, non específicos de drogodependencias: 0,05 por mes (ata 2 puntos)

En dispositivos asistenciais de saúde xeral: 0,02 por mes (ata 1 punto)

1.3.5.1.3.- Formación complementaria (máximo, 1,5 puntos):

Valorarase a formación complementaria (recibida ou impartida), directamente relacionada coas drogodependencias:

<i>Horas lectivas</i>	<i>Puntuación</i>
<i>De 20 a 49</i>	<i>0.1</i>
<i>De 50 a 99</i>	<i>0.2</i>
<i>De 100 a 199</i>	<i>0.3</i>
<i>De 200 a 299</i>	<i>0.4</i>
<i>300 ou máis</i>	<i>0.5</i>

1.3.5.1.4.- Outros méritos (máximo, 1 punto):

Título de doctor: 0,5 puntos

Outras titulacións oficiais (Magíster universitario): 0,5 puntos por cada titulación

Publicacions relacionadas coas drogodependencias: 0,1 puntos por publicación (ata 0,5 puntos)

Formación complementaria menor de 20 horas lectivas (ou que non especifique as horas): 0,05 puntos (ata 0,5 puntos)

1.3.5.1.5.- Galego (máximo, 0,5 puntos):

Curso de Iniciación: 0,25 puntos
Perfeccionamento: 0,25 puntos.
Linguaxe administrativa galega: 0,25 puntos por cada curso
Outros cursos: 0,25 puntos por cada curso
Validación de cursos de iniciación e perfeccionamento: 0,10 puntos.

1.3.5.2.- EXERCICIO PRÁCTICO (máximo, 10 puntos)

A calificación de cada un dos casos plantexados no exercicio será de 0 a 10 puntos, quedando eliminado o aspirante que non obteña cando menos 5 puntos en cada exercicio. A puntuación total será a media aritmética das puntuación parciais.

1.3.5.3.- ENTREVISTA (máximo, 3 puntos)

A Comisión de Selección determinará cal é a mínima puntuación esixida no proceso de baremación previo para acceder a esta fase.

A puntuación máxima da entrevista será de 3 puntos, que se sumarán á puntuación obtida nas fases de concurso de méritos y oposición.

1.3.6.- ÓRGANO DE SELECCIÓN

Terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso ao posto. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario/a-, podendo acordar o nomeamento de asesores especialistas na materia, que deberán comparecer a título individual, ata un máximo de dous por exercicio, con voz e sen voto.

Presidente/a:

-Un funcionario/a con habilitación de carácter estatal ou técnico de administración xeral ou especial do Concello de Vigo, encadrado no subgrupo A1 de titulación.

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

Secretario/a:

-Un funcionario/a do Concello de Vigo integrado/a no subgrupo A1 de titulación, escala administración xeral, que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que poidan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

Vocais:

-Un funcionario/a de carreira do Concello de Vigo ou dos seus Organismos Autónomos, proposto polo Concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal, integrado no subgrupo A1 de titulación, con título de Licenciado Universitario ou equivalente, que comparecerá en todo caso a título individual.

-Dous/dúas funcionarios/as de carreira ou persoal estatutario de calquera das Administracións Públicas (estatal, autonómica ou local), integrados/as no subgrupo A1 de titulación, que dispoñan do título de Licenciado/a Universitario/a ou equivalente, propostos polo Concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal, os cales comparecerán a título individual.

Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos/as suplentes. Os/as seus/súas integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999. Asemade, os aspirantes poderán recusar aos mesmos nos supostos previstos no artigo 29 da mesma norma.

O Órgano de selección contará coa asistencia técnico-administrativa dun/dunha funcionario/a do Servizo de RR.HH. deste Concello, que desenvolverá tarefas de apoio ao Órgano de Selección e baixo as instrucións directas do mesmo.

Os membros do órgano de selección, os asesores que se poidan designar por aquél e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico administrativo asistente, percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexerase no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor calificación final obtida) aos efectos de poder ser hipotéticamente nomeados/as como persoal interino polas circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, ou ser eventualmente contratados como persoal laboral temporal para necesidades conxunturais, nos termos dos criterios aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de 3 de marzo de 2008 (BOP de 11 de abril de 2008), normativa de concordante aplicación e da lexislación vixente.

1.3.7.- PRAZO DE PRESENTACION DE INSTANCIAS DE PARTICIPACIÓN

1.3.7.1.- PRAZO

Será de 3 días hábiles contados dende ó seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria na prensa local . Á instancia deberá achegarse a documentación á que se fai referencia na base I anterior.

O anuncio da presente convocatoria publicarase, por motivos de axilidade, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, así como dun extracto da convocatoria nun dos diarios de maior difusión da localidade e na páxina web municipal, www.vigo.org.. A lista de admitidos e excluídos e as causas motivadoras da exclusión, así como a data, lugar e hora en que teña lugar o primeiro exercicio, publicarase no Taboeiro de Edictos do Concello de Vigo, publicándose no mesmo e nos lugares onde se realicen as probas, cando estas non se desenvolvan na Casa do Concello.

Contra a exclusión na lista de admitidos poderanse presentar reclamacións e subsanar erros ou omisións no prazo de catro días hábiles contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma na prensa local.

1.3.7.2.- LUGAR DE PRESENTACIÓN

Rexistro Xeral do Concello de Vigo. Praza do Rei s/n. (Vigo). Dirixido ó Sr. Alcalde.....

1.3.7.3.- DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR

*Solicitud de participar no proceso de selección
Currículum Vitae
Orixinal da vida laboral
Fotocopias compulsadas das acreditacións e do DNI.*

Aos/ás candidatos/as con maior puntuación no proceso de baremación, antes de pasar á entrevista, reclamaráselles a presentación de fotocopias compulsadas (ou cotejadas pola propia concellería) do resto das acreditacións. (A non presentación desta documentación, será causa de exclusión do proceso selectivo).

1.3.8.- NOTIFICACIÓNS

En todo caso, as comunicacións cos/as aspirantes realizarásese, mediante inserción de anuncios no taboleiro de edictos do Concello e na súa páxina web (<http://www.vigo.org>).

Segundo.- Polo Órgano competente (Alcaldía-Presidencia), procederase á formalización do correspondente contrato laboral-temporal co/a candidato/a propostos pola citada Comisión de selección, sendo éste/a contratado/a baixo a modalidade contractual –contrato por obra ou servicio determinado (art. 15 ET e art. 1 e 3 do RD 2720/1998, de 18 de decembro.”, por un periodo de 12 meses, prorrogables en tanto persistan ós protocolos mencionados e sempre en tanto non implique superación do límite legal establecido polo Real-Decreto-Lei 5/2006, do 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego (BOE nº 141, do mércores 14 de xuño de 2006, vixente a tales efectos dende o pasado 1 de xullo de 2006.

Terceiro.- O/A aspirante seleccionado/a prestará os servicios propios da súa categoría profesional na Unidade Asistencial de Drogodependientes, CEDRO, percibindo as retribucións, e parte proporcional da paga extraordinaria según ó importe das subvencións estipuladas nos convenios subscritos, con un salario bruto anual de 36.414,00€.

18(539).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DE DATA 17.03.09 SOBRE CESAMENTO EN EXECUCIÓN DE SENTENZA DO TSXG RELATIVA Á PRAZA DE MÉDICO PSIQUIATRA ADSCRITA Ó CEDRO. EXPTE. 29/501.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do letrado asesor, do 16.03.09, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 23 de maio de 2001 o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dictou sentenza no recurso núm. 380/1990, interposto por D. Domingo Miguel Arias contra a resolución do Ilmo. Sr. Alcalde-Presidente de 16 de xaneiro do 1998, na cal fallou:

“Que debemos estimar e estimamos o recurso contencioso-administrativo (na pretensión formulada con carácter subsidiario) deducido por D. Domingo Miguel Arias contra resolución del Ilmo. Sr. Alcalde de Vigo de dezaseis de xaneiro de mil novecientos noventa e oito, sobre nomeamento como funcionario en praza de médico a D. Francisco Abel Otero Lamas; e debemos anular e anulamos dito acto administrativo por non encontralo axustado ó Ordenamento xurídico, debendo o Tribunal cualificador da proba de autos valorar os méritos do recurrente, a acreditar polo mesmo na forma que sinala dito Tribunal; sen facer pronunciamiento respecto ó pago das costas devengadas na substanciación do procedimientto”.

2- Contra dita resolución xudicial o Concello de Vigo e D. Francisco Abel Otero Lamas interpuxeron recurso de casación perante o Tribunal Supremo, que foi resolto por Sentenza do 5 de marzo de 2007 (recurso núm. 214/2002), desestimando o Alto Tribunal os recursos presentados.

3.- A medio de Auto do 10/02/2009, a Sección 1ª da Sala do Contencioso Administrativo do TSXG, no incidente de execución de sentenza promovido por D. Domingo Miguel Arias, a Sala Acordou:

“Requerir a Administración demandada para que no termo de vinte días naturais proceda na forma en que se dí no fundamento xurídico único que precede, debendo en todo caso informar con carácter previo acerca da data e forma en que procedeu a deixar sen efecto o Decreto de 30 de decembre de 1997 anulado polo fallo de cuxa execución se trata”

4.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 17 de marzo de 2009, en execución da referida sentenza aprobou a proposta de acordo que na súa parte dispositiva indica:

“PRIMEIRO.- Proceder ó efectivo cumprimento do mandato xudicial contido na Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dictada no recurso núm. 380/1990, interposto por D. Domingo Miguel Arias contra a resolución do Ilmo. Sr. Alcalde-presidente de 16 de xaneiro de 1998, na cal literalmente se fallou:

“Que debemos estimar y estimamos el recurso contencioso-administrativo (en la pretensión formulada con carácter subsidiario) deducido por D. Domingo Miguel Arias contra resolución del Ilmo. Sr. Alcalde de Vigo de dieciséis de enero de mil novecientos noventa y ocho, sobre nombramiento como funcionario en plaza de médico a D. Francisco Abel Otero Lamas: y debemos anular y anulamos dicho acto administrativo por no encontralo ajustado al Ordenamiento jurídico, debiendo el Tribunal calificador de la prueba de autos valorar los

méritos del recurrente, a acreditar por el mismo en la forma que señala dicho Tribunal; sin hacer pronunciamiento respecto al pago de las costas devengadas en la substanciación del procedimiento.”

SEGUNDO.- Deixar sen efecto o Decreto da Alcaldía-Presidencia de data 30 de decembro de 1997, nos termos do esixido na parte dispositiva do Auto do TSXG do 10 de febreiro do 2009 en relación co fundamento xurídico único, acordando en consecuencia o cese de D. Francisco Abel Otero Lamas con nº de persoal 77.458. na súa condición de funcionario de carreira do Concello de Vigo con praza de médico-psiquiatra adscrito ó posto de traballo denominado “Xefe/a do Servizo do CEDRO” (código 315.01. código retributivo 041) tendo efectos económicos e administrativos do día seguinte ó da data de adopción do presente acordo.

TERCEIRO.- Convoar, ao abeiro do disposto no Auto do TSXG do 10 de febreiro de 2009, o órgano de selección encargado de realizar as actuacións ordenadas pola sentenza que se executa. (...)

CUARTO.- Dar conta do presente acordo ó Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ós oportunos efectos en relación coa resolución xudicial que se executa, a través do Servizo de Asesoría Xurídica do Concello, notificando asemade o mesmo ao funcionario cesado, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e organización e Negociado de Seguridade Social) e Comité de Persoal ós efectos que procedan.”

5.- D. Francisco Otero Lamas, en data do 25/03/2009 (doc. 90040999), presentou no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, recurso de reposición contra o referido acordo da Xunta de Goberno Local de data 17/03/2009, no que, tralas motivacións que neste se conteñen, solicita:

- Que se teña por interposto recurso de reposición contra o citado acordo, estimando no seu día este e declarando a nulidade da resolución recurrida.*
- A suspensión da execución do acordo da Xunta de Goberno Local de data 17/03/2009 con fundamento no artigo 111 da LRXAP-PAC en base ós prexuízos irreparables que a dita execución conleva.*

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- O artigo 104.1. da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa (LRXC-A) establece que:

“Logo de que sexa firme unha sentenza, comunicarse no prazo de dez días ó órgano que realizara a actividade obxecto do recurso, a fin de que, unha vez acusado recibo da comunicación en idéntico prazo desde a recepción, a leve a puro e debido efecto e practique o que esixa o cumprimento das declaracións contidas no fallo e no mesmo prazo indique o órgano responsable do cumprimento de aquél.”

No presente caso a sentenza dictada polo TSXG en data do 23/05/2001 no recurso núm. 380/1990, é firme o ser desestimados os recursos de casación interpostos contra esta por sentenza do Tribunal Supremo de data 05/03/2002 e, polo tanto, executiva para a Administración municipal nos seus propios termos.

A maior abundamento, mediante auto do 10/02/2009, a Sección 1ª da Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG, no incidente de execución de senteza promotivo por D. Domingo Miguel Arias, require expresamente a execución da referida sentenza.

O acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en data do 17/03/2009, limítase única e exclusivamente a cumprir coa execución da sentenza ordenada polo TSXG, polo que tratándose dun acto dictado en execución de sentenza, non se trata dunha actuación administrativa autónoma senon ligada á propia execución daquela, que unicamente cabe combatir co correspondente incidente de execución ante a sala sentenciadora (artigo 108.2. e 109 da LRXC-A).

Tal e como sinala o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en sentenza núm. 833/2008 (Sala do Contencioso Administrativo, Sección 2), de 13 de novembro, recurso de apelación núm. 4010/2007 (JUR 2009\104833), no FUNDAMENTO XURÍDICO SEGUNDO:

“(…) No nos encontramos ante una actuación administrativa autónoma, sino ante una resolución dictada en cumplimiento de una Sentencia ... Unicamente en el supuesto de que el requerimiento que se le ha dirigido se separara de lo que conforme a esta actuación administrativa firme resulta, prodría Construcciones López Pablos combatirlo jurisdiccionalmente, pero habría de hacerlo en el contexto de la ejecución incoada por la Sala de lo Contencioso-Administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Cantabria y en tanto se le estuviera reclamando algo diferente de lo que debe hacer” (STS de 18/11/02). “... lo que debió hacer aquélla, fue acudir a esta Sala promoviendo el oportuno incidente de ejecución de sentencia y no planteando un recurso de reposición, dando lugar a un nuevo expediente administrativo, en el que se produjeron las anomalías observadas, ya que de admitir este planteamiento, aparte de desvalorizar las competencias jurisdiccionales, privando a las Salas de lo Contencioso de intervenir, como es su obligación y su derecho, en todas las incidencias de la ejecución de las sentencias, llegaríamos a una prolongación indefinida de los recursos sin posible finalización, dado que siempre sería factible promover un nuevo recurso jurisdiccional contra actos que, si bien procedentes de la Administración, no tienen entidad independiente para constituirse en objeto de recurso” (STS de 12-3-80). Si la persona que interpuso el recurso contencioso-administrativo en el que se dictó la sentencia que decretó la demolición, o la persona afectada por ésta, creen que la actividad que desarrolla la Administración para ejecutar dicha setencia no es la procedente a tal fin, pueden acudir al Tribunal que la dictó para, al amparo de lo dispuesto en el artículo 109 de la Lei jurisdiccional, interesar de él la decisión que corresponda sobre tal cuestión.”

Polo exposto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 17/03/2009, como acto dictado en execución de sentenza, non é subceptible de recurso de reposición, a pesar de que no propio acordo se indicara a posibilidade da súa interposición.

Polo exposto, procede a inadmisión do recurso de reposición interposto.

II.- En relación coa solicitude de suspensión da execución do acto impugnado en reposición, a inadmisibilidade do recurso de reposición determina a improcedencia da suspensión cuxa decisión, en todo caso, correspondería á Sala, toda vez que da lectura literal do citado artigo 111 da LRXAP-PAC despréndese que tal solicitude exercítase no marco da interposición do recurso potestativo de reposición que non procedía no presente caso.

Sen prexuízo do exposto, cómpre indicar que a día de hoxe a referida petición decae na súa argumentación toda vez que a Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 6 de abril de 2009, xa nomeou como funcionario de carreira con cargo a praza vacante de médico psiquiatra no Concello de Vigo adscrita ó CEDRO (Área de Ben Estar Social) correspondente á OEP do Concello de Vigo ó aspirante Miguel Arias Domingo, que superou todos os exercicios e obtivo a máxima cualificación (21,76 ptos.) nas probas selectivas de que constaba este concurso-oposición, segundo a proposta formulada polo Tribunal Cualificador na acta do 30 de marzo do 2009, en execución da Sentenza núm. 628, do 23 de maio do 2001, dictada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso núm. 380/1998.

II.- É competente, no presente caso, para dictar resolución a Xunta de Goberno Local ó abeiro do establecido no artigo 127.1.h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; en consecuencia, sométese a súa consideración a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Declarar a inadmisión a trámite do recurso de reposición interposto por Francisco Otero Lamas, en data do 25/03/2009 (doc. 90040999) no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 17/03/2009 sobre cesamento en execución de sentenza do TSXG relativa á praza de médico psiquiatra adscrita a CEDRO e, consecuentemente, inadmitir a solicitude de suspensión da execución do acto recurrido, en virtude dos fundamentos de feito e dereitos invocados na parte expositiva deste acordo.

SEGUNDO.- Informar do presente acordo ó Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para os efectos oportunos en relación coa resolución xudicial que se executa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(540).- PRÓRROGA DO CONVENIO DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE DEPORTES PARA MAIORES. EXPTE. 41350/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Actividades Económicas, do 15.04.09, conformado polo xefe de Área de Benestar Social e a concelleira-delegada da área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 6 de marzo de 2006, de conformidade coa proposta da mesa de contratación, acorda adxudicar a Pablo Casal Núñez o concurso para a contratación do servizo de deporte para persoas maiores por un prezo de 36.850,00€ anuais, todo isto de acordo co prego de condicións técnicas administrativas que foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local do 17 de outubro de 2005 e a oferta presentada.

A Xunta de Goberno Local do 31 de marzo de 2008 acordou aprobar a primeira prorroga do contrato polo período comprendido entre 01-04-2008 e 31-03-2009.

Con data 13 de marzo de 2009, doc. 90036162, Pablo Casal Núñez, adxudicatario do servizo, solicita a segunda prorroga do contrato polo período 01-04-2009 a 31-03-2010. A posibilidade de prorroga recóllese na cláusula 5ª -Prazo de execución- do prego de cláusulas administrativas do servizo.

Dado o alto grao de satisfacción, tanto dos usuarios do servizo como da totalidade dos profesionais que interveñen no programa, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Prorrogar para o período comprendido entre o día 01-04-2009 e 31-03-2010 o contrato de prestación dos servizos de desenvolvemento do programa de deporte para maiores subscrito por acordo da Xunta de Goberno do 06-03-2006 con Pablo Casal Nuñez.

O prezo do contrato para dito período é de 39.663,50 euros máis a revisión de prezos que corresponda. Dito gasto imputarase á partida 31302260801 do presuposto do ano 2009 e 2010”.

Non obstante esa Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(541).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte e catro minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.